



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO

1. INTRODUCCIÓN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar.

O Concello de Vigo con este Plan de emprego 2008 - 2011 incide directamente na súa situación ao mesmo tempo que intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración o conxunto de niveis nos que esta se desenvolve e configura como a súa máxima concreción. Neste senso toma como punto de partida a Estratexia Europea do Emprego co relanzamento da estratexia de Lisboa para o crecemento e o emprego. As directrices estratéxicas concéntranse ó redor de tres prioridades:

- a mellora do atractivo das rexións e das cidades dos Estados membros,
- o apoio á innovación, o fomento do espírito de empresa
- e o crecemento da economía do coñecemento e a creación de máis empregos e de mellor calidade.

A partires destas prioridades, propóñense as Directrices estratéxicas 2007-2013:

- facer de Europa e das súas rexións (*e das súas cidades*) un lugar máis atractivo para a inversión e o emprego;
- mellorar o coñecemento e a innovación;
- crear máis empregos de mellor calidade,
- ter en conta a dimensión territorial da política de cohesión

O desenvolvemento desta estratexia europea concrétese en España no Programa Nacional de Reformas 2005 – 2010 e en Galicia no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013.

O “Novo Marco das Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo emprego”, establece as directrices e os instrumentos para a obtención dun emprego estable, de calidade, en igualdade de condicións, seguro



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

e ben remunerado. Os obxectivos marcados por Galicia en materia de emprego son: incorporación de mulleres en ocupacións nas que están subrepresentadas; incorporación laboral das persoas discapacitadas; actuacións relacionadas co mundo rural; actuacións relacionadas cos colectivos en risco de exclusión social; complementar a formación dos recentemente titulados universitarios cos requirimentos das empresas galegas e facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo; mellora das condicións de seguridade no traballo.

Para iso modifica substancialmente os instrumentos a súa disposición outorgándolle un papel preponderante ó Servizo Público de Emprego que asume en exclusiva as funcións de inscrición, clasificación e intermediación e limita ós axentes socioeconómicos, entidades específicas e concellos a intervención en materia de orientación.

Así mesmo configura un novo marco de participación institucional no que, por primeira vez, están presentes os concellos. Este marco, os Pactos Territoriais de Emprego, implica a planificación e xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nunha zona, co obxectivo de estar á fronte do plan de emprego para propoñer os criterios e aprobar a proposta de planificación e programación, e facer o seguimento e avaliación das diferentes medidas que se adopten.

En relación cos demandantes de emprego personaliza a súa atención por medio dos itinerarios personalizados de inserción así como polo diagnóstico da súa empregabilidade e dispoñibilidade.

É neste novo marco no que se diseña o Plan Local polo Emprego de Vigo. Este plan de emprego de Vigo é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, a través de distintos programas e prestando especial atención ós colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Ademais incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o concello; crea accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promove unha maior seguridade no traballo e reduce os sinistros; aumentan as persoas emprendedoras e a economía social; mellora as relacións laborais.

O Concello de Vigo, como non pode ser doutro xeito, asume a súa disposición a liderar o Pacto Territorial de Emprego da área de Vigo no que se elaborará o Plan de Emprego desa área facéndoo compatible co que aquí se presenta e poñendo á súa disposición os instrumentos e ferramentas necesarios para levalo a bo fin.



Concello de Vigo
 Promoción Económica, Emprego
 e Participación Cidadá

2. ASPECTOS DO MERCADO DE TRABALLO DE VIGO A CONSIDERAR

2.1. Poboación


En Vigo, segundo o Padrón de habitantes de 2007, hai 294.772 habitantes dos que 13.921 son estranxeiros. A súa composición por idade e sexo é a seguinte:

POBOACIÓN DO CONCELLO DE VIGO			
	TOTAL	HOMES	MULLERES
Menores de 16 anos	40.217	20.838	19.379
De 16 a 64 anos	205.539	100.140	105.399
De 65 e máis anos	49.016	19.578	29.438
Total	294.772	140.556	154.216

FONTE: IGE: Padrón de habitantes

Nos últimos cinco anos a poboación de Vigo medrou exclusivamente polas achegas de poboación estranxeira: para un incremento total de 2.206 habitantes houbo unha incorporación de 5.442 inmigrantes. De non ter existido, o saldo sería negativo e habería en Vigo 3.236 habitantes menos que en 2003.

DIFERENZA DA POBOACIÓN DE VIGO POR SEXO E IDADE ENTRE 2007 E 2004





Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Nos tres grupos de idade inferiores, entre 16 e 29 anos, Vigo perdeu en tan só catro anos 3.622 homes e 3.430 mulleres, un 11,5% da súa poboación menor de 30 anos.

Na actualidade a poboación estranxeira residente en Vigo é a seguinte:

POBOACIÓN ESTRANXEIRA DO CONCELLO DE VIGO

	TOTAL	HOMES	MULLERES
Menores de 16 anos	1.822	923	899
De 16 a 64 anos	11.511	5.702	5.809
De 65 e máis anos	588	281	307
Total	13.921	6.906	7.015

FONTE: IGE: Padrón de habitantes.

En idade laboral hai en Vigo 205.309 persoas das que o 5,6% son estranxeiros. Proxectando linealmente as idades, as persoas con idade laboral reduciranse en 11.336 persoas no Concello de Vigo, o 5,4%, e 14.391 na súa comarca, o 4,9%. No conxunto de Galicia a redución suporá 127.623, un 6,9%.

A achega ó concello de Vigo das persoas estranxeiras é o que permite manter o volume de poboación potencialmente activa en termos similares ós actuais. Mentres a poboación potencialmente activa de nacionalidade española supón o 69,7% do total, a poboación estranxeira é o 82,7%.

Para ter unha idea clara da evolución da poboación de Vigo en idade laboral na seguinte táboa figuran a diferenza que hai nos últimos cinco anos entre os grupos de idade de 15 a 64 anos, grupo en idade laboral, e entre 10 e 59 anos, o grupo de idades que nos próximos cinco anos deberá estar a incorporarse ó mercado de traballo.

VARIACIÓN DA POBOACIÓN POR GRUPO DE IDADE

	10 a 59 anos	15 a 64 anos	Variación
2.003	209.593	208.758	835
2.004	207.623	208.008	-385
2.005	207.076	209.095	-2.019
2.006	204.518	207.662	-3.144
2.007	203.929	208.306	-4.377


FONTE: IGE: Padrón de habitantes.

En cinco anos a poboación que se poderá incorporar ó mercado de traballo pasou dun incremento de 835 persoas, a unha perda neta de 4.377 persoas.



Concello de Vigo
 Promoción Económica, Emprego
 e Participación Cidadá

POBOACIÓN DE 15 A 59 ANOS E DE 20 A 64 ANOS



Na gráfica anterior compróbese como dende o ano 2003 a poboación entre 10 e 59 anos foi superior á de entre 15 e 64, a posibilidade de recambio da poboación activa vaise facendo cada vez máis difícil.

INDICADORES DE POBOACIÓN. ANO 2006

	Índice de recambio da poboación activa ¹	Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos
Estado	74,40%	19,50%	63,80%
Galicia	92,90%	16,10%	62,40%
A Coruña	94,50%	15,90%	63,70%
Lugo	102,00%	13,80%	58,40%
Ourense	113,90%	13,80%	57,90%
Pontevedra	81,80%	18,00%	64,00%
36057 Vigo	83,70%	17,80%	65,70%

FONTE: Instituto Galego de Estatística

Vigo mantén un volume de poboación entre 20 e 64 anos do 65,7%, 3,3 puntos superior á media galega e 1,9 puntos superior á estatal. Quere isto dicir que dúas de cada tres persoas residentes en

¹ Porcentaxe da poboación entre 60 e 64 anos en relación coa de 20 a 24 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que se van xubilando.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Vigo está en idade de traballar. Esta diferenza tenderá a manterse ou acrecentarse no caso de Galicia dado que a súa porcentaxe de poboación menor de 20 anos é do 17,8%, 1,7 puntos por riba de Galicia. En relación coa media estatal, tenderá a aproximarse rapidamente debido a que ese porcentaxe de menores de 20 anos é inferior ó Estado, 1,7 puntos menos.

O mantemento do volume de poboación activa actual pasa necesariamente por acadar unhas taxas de actividade superiores entre as persoas en idade laboral e por unha incorporación de traballadores procedentes doutras áreas xeográficas. Nos vindeiros anos esta necesidade de aporte será superior dada a pirámide de poboación deste concello.

2.2 Afiliación á Seguridade Social

2.1.1.A afiliación á Seguridade Social por sector e actividades económicas

A 31 de decembro de 2007 residían en Vigo 122.223 persoas afiliadas á Seguridade Social. As mulleres representan o 45,3% da afiliación.

Nestes apartados trátase dos postos de traballo existentes en Vigo, con independencia do concello de residencia do traballador que o ocupe. En Vigo traballan afiliadas á Seguridade Social 152.901 persoas. Ó redor do 80% das persoas que traballan en Vigo, residen neste municipio. Nos últimos catro anos a afiliación incrementouse en 18.303 persoas, un 13,6%.

AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL DE VIGO

	2004	2007	VARIACIÓN	% VARIACIÓN
Primario	2.722	2.315	-407	-15,0%
Industria	27.729	30.717	2.988	10,8%
Construción	9.404	10.752	1.348	14,3%
Servizos	94.743	109.117	14.374	15,2%
TOTAL	134.598	152.901	18.303	13,6%

FONTE: Ministerio de Trabajo. Elaboración propia

Por sectores produtivos, o crecemento dáse en todos eles, agás no sector primario, destacando fundamentalmente o crecemento no sector servizos.

Pese ó forte incremento da construción en Vigo, o 14,3%, este é inferior ó crecemento que experimentou neste mesmo período tanto en Galicia (17,9%) como no conxunto do Estado (o 21,9%).



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

A evolución da industria é moi similar á experimentada en Galicia. Medra dúas décimas menos en Vigo: o crecemento é do 10,8% e en Galicia do 11,0%. En relación co conxunto do Estado o crecemento do sector industrial vigués é moi superior, case 9 puntos máis (8,9) dado que este sector tivo un crecemento do 1,9% no Estado.

O sector servizos vigués ten un crecemento entre o experimentado en Galicia, medra 1,6 puntos menos co galego e por riba da media estatal, crecendo 0,3 puntos máis có do Estado.

A estrutura da poboación afiliada por sector económico sitúa no ano 2007 ó sector servizos co 71,4% do total de afiliacións, a industria en segundo lugar co 20,1% e, en terceiro lugar e con bastante diferenza, á construción co 7% dos afiliados e afiliadas.

PESO DE CADA SECTOR SOBRE O TOTAL E VARIACIÓNS

	VIGO	GALICIA	ESTADO
Primario	1,5%	-6,1%	-4,7%
Industria	20,1%	3,7%	6,0%
Construción	7,0%	-5,8%	-5,8%
Servizos	71,4%	8,1%	4,5%
TOTAL	100,0%	0,0%	0,0%

FONTE: Ministerio de Trabajo. Elaboración propia

Comparando a estrutura produtiva de Vigo coas medias galega e estatais, cómpre salientar en primeiro lugar o menor peso que ten o sector da construción no conxunto do mercado de traballo, 5,8 puntos de diferenza tanto en relación a Galicia como ó Estado. No sector industrial traballan en Vigo unha de cada cinco persoas (o 20,1%), 3,7 puntos máis que en Galicia e 6 máis que no Estado. Case tres de cada catro persoas afiliadas traballan no sector servizos, o 71,4%, 8 puntos máis que en Galicia e case cinco máis ca media estatal.

Por actividades económicas, agrupada sen subseccións, en Vigo estase a dar unha especialización en tres ramas da industria que son nas que se produce incremento da afiliación:

- A industria de fabricación de material de transporte tivo un incremento entre 2004 e 2007 de 4.348 afiliacións, o 29,5%, acadando un total de 19.095 persoas afiliadas. En 2007 representa o 62,2% do total de persoas afiliadas na industria.
- A industria do téxtil e da confección incrementouse en 220 persoas, o 21%, acadando 1.270 persoas. Representa o 4,1% do sector.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

- A industria da alimentación, bebida e tabaco medrou en 189 persoas, o 9,4% ata 2.205 traballadores e traballadoras. Representa o 7,2%.

Nas outras ramas da industria prodúcese un descenso das afiliacións, destacando especialmente a industria da madeira e da cortiza que perde

O sector servizos de Vigo incrementouse en 14.374 afiliacións. Por ramas de actividade destacan:

- “*Outros servizos empresariais*” (actividades xurídicas de contabilidade, servizos técnicos servizos de persoal, incluíndo ETT, vixilancia e limpeza) cun incremento de 4.773 persoas afiliadas máis, o 31,4%, acadando un total de 23.873 persoas.
- A seguinte actividade por volume de incremento son as actividades sanitarias e servizos sociais con 2.715 afiliacións máis, o 25,4%. 13.388 afiliados e afiliadas traballan nelas.
- No conxunto do comercio o incremento experimentado é de 2.225, o 8,2%, ata acadar 29.402. Esta actividade supón o 19,2% do conxunto da afiliación en Vigo.
- Transporte, almacenamento e comunicacións experimenta un incremento do 16,2%, 1.339 afiliados máis co que supón que as súas 9.624 persoas afiliadas, representen o 6,3% do total.

2.1.2.A afiliación no réxime de autónomos

En Vigo traballan afiliadas á Seguridade Social no Réxime de Autónomos 19.589 persoas. Nos últimos catro anos a afiliación incrementouse en 2.110 persoas, un 12,1%. Este incremento é un 1,5 puntos inferior ó experimentado no conxunto da afiliación.

AFILIADOS NO RÉXIME DE AUTÓNOMOS DE VIGO

	2004	2007	VARIACIÓN	% VARIACIÓN
Primario	65	96	30	45,5%
Industria	1.027	1.378	112	8,8%
Construción	1.706	2.061	311	17,8%
Servizos	14.229	16.054	1.657	11,5%
TOTAL	17.027	19.589	2.110	12,1%

FONTE: Ministerio de Trabajo. Elaboración propia

Os autónomos en Vigo supoñen o 12,8% do total de afiliados. O 82% deles están no sector servizos no que supoñen o 14,7% do total de afiliados.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Por sectores produtivos os autónomos supoñen o 4,1% do total de afiliados no sector primario; o 4,5% da industria; o 19,2% da construción e o 14,7% dos servizos. No seu conxunto, o 12,8% da poboación afiliada.

Por actividades económicas destacan sobre todo tanto en volume como no peso dos autónomos sobre o total de afiliados as seguintes actividades:

- En *comercio* hai 6.811 autónomos en Vigo que representan o 23,2% do total de afiliados nesa actividade. Algo máis dun de cada tres, o 34,8%, dos autónomos está desempeñando esta actividade. O crecemento que experimentou entre 2004 e 2007 foi de 450 afiliados, un 7,1%, 5 puntos menos ca media.
- Na *hostalería* hai 2.197 autónomos que representan o 29,6% do total de afiliados en hostalería e o 11,2% dos autónomos. O crecemento que tivo foi de 175 afiliados, o 8,7%, 3,4 puntos menos ca media.
- *Noutros servizos empresariais*” (actividades xurídicas de contabilidade, servizos técnicos, servizos de persoal, incluíndo ETT, vixilancia e limpeza) hai 2.727 autónomos, un 11,4% do total de afiliados nesa actividade e o 13,9% do total de autónomos. Nos últimos catro anos é a actividade que ten experimentado un meirande incremento, hai 570 autónomos máis, un 26,4% incrementando en 14,3 puntos o crecemento medio.
- Na *construción* figuran 2.061, 311 máis que en 2004, un 17,8% de crecemento, superando a media de incremento en 5,7 puntos. Os autónomos na construción supoñen o 10,5% dos autónomos e o 19,2% dos afiliados na construción.
- *Noutras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais* hai 1.237 autónomos, o que supón o 18,5% do total de afiliados nesa actividade económica e o 6,3% dos autónomos. O crecemento de autónomos nesta actividade foi do 14,3% cando no total de afiliados foi do 20,1%.
- O *transporte* é a última actividade cunha importante presenza de autónomos supoñen o 7,8% do total deste réxime. Nela hai 1.537 autónomos o que significa o 16% do total de afiliados. Entre 2004 e 2007 incrementouse en 129 afiliados, o 9,2%.

Nas actividades industrias apenas hai unha presenza significativa de autónomos.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

2.2. A calidade do emprego: as modalidades de contratación

En Vigo en 2007 tense rexistrados 154.163 contratos, o que supón un incremento dun 14% sobre o ano 2004. A contratación de mulleres supón o 47,1%.


A contratación indefinida das mulleres supón o 10,1% do total de contratos rexistrados a mulleres e a dos homes o 11,9%. A diferenza é de 1,8 puntos.

CONTRATOS REXISTRADOS EN 2007

	Home	Muller	Ambos
Indefinidos	9.661	7.365	17.026
Formación	1.245	1.026	2.271
Temporais	70.602	64.264	134.866
TOTAL	81.508	72.655	154.163

En relación co ano 2004, o peso da contratación indefinida sobre o total de contratos incrementouse en 2,3 puntos; o dos homes en 1,6 puntos e o das mulleres en 3,1 puntos.

EVOLUCIÓN DO PESO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA



A evolución do peso da contratación indefinida despois de estar estancada durante cinco anos,



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

2001 – 2005, no que soamente variou 0,7 puntos, tivo un importante impulso nos dous últimos anos, nos que medrou 1,1 puntos.

O cambio de políticas de fomento da estabilidade nos dous últimos anos deu como resultado un incremento da contratación indefinida. Nas cinco actividades onde se estableceron os Pactos sectoriais de estabilidade, actividades todas elas cunha grande estacionalidade na súa produción, houbo importantes incrementos de contratación indefinida.

No seu conxunto incrementaron a contratación indefinida nun 48,1%, 3,7 puntos máis ca media. A construción duplicou en 2007 a contratación indefinida de 2004 pasando de 781 a 1.566; a hostalería tivo un incremento do 68,4%, o comercio do 26,7%, etc.

A estabilidade no emprego é un dos requisitos para poder acadar un mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por traballadores cualificados e implicados no proxecto empresarial, isto é, traballadores de alta produtividade en empresas competitivas.

2.3. Os demandantes de emprego

En Vigo, no ano 2007, houbo unha media de demandantes de emprego de 18.519 persoas, das que o 64,2% eran mulleres e o 21% menores de 30 anos.

Isto supón que o 9% da poboación entre 16 e 64 anos estaba desempregada. No conxunto de Galicia representaban o 8,2%

PARADOS REXISTRADOS EN VIGO. MEDIA DE 2007

	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MULLERES
De 16 a 24	1.683	855	828	49,2%
De 25 a 29	2.219	935	1.283	57,8%
De 30 a 44	6.393	2.225	4.169	65,2%
De 45 a 64	8.223	2.606	5.618	68,3%
Total	18.519	6.620	11.898	64,2%

FONTE: Consellería de Traballo. Elaboración propia

A porcentaxe de mulleres sobre o total increméntase coa idade. No grupo de 16 a 24 anos a proporción de homes e mulleres é similar. Posteriormente vai crescendo ata chegar a representar o 68,3% no grupo de 45 e máis anos.

Esta estrutura de paro por sexos obedece a propia estrutura produtiva de Vigo. No sector industrial o 70,7% compóñeno actividades moi masculinizadas (fabricación de material de transporte ou



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

metalurxia). Dos 11.602 contratos rexistrados nestas dúas actividades en 2007, 9.569 correspondían a homes, o 82,5%. Ademais deste sector, na construción dos 10.125 contratos soamente o 7,3% correspondían a mulleres.

ÍNDICE DE PARO DE VIGO²

	TOTA L	HOMES S	MULLERES S
De 16 a 29	7,2%	6,5%	7,9%
De 30 a 44	8,6%	6,1%	11,1%
De 45 a 64	10,6%	7,2%	13,7%
Total	9,0%	6,6%	11,3%

FONTE: Elaboración propia sobre datos Consellería de Traballo

2.3.1.O desemprego da mocidade

En Vigo hai 3.902 mozos e mozas que están desempregados. Case o 30% deles son parados de longa duración ó levar máis de seis meses inscritos. O 54,1% son mulleres.

O principal problema destes mozos é a súa falta de formación de tipo profesional. O 65,2% deles, 2.545, carece de formación deste tipo. Hai 786, o 20,1% que o seu nivel de formación é inferior ó Graduado Escolar ou en ESO.

PARADOS MENORES DE 30 ANOS POR SEXO, ESTUDOS, TEMPO EN DESEMPREGO

	AMBOS SEXOS				TOTAL
	MENOS 6 MESES	6 MESES < TEMPO <=12	12 MES.< TEMPO <=24	TEMPO > 24 MESES	
Nivel Inferior ó Graduado Escolar	602	96	56	32	786
Graduado Escolar ou ESO	964	165	86	50	1.264
Bacharelato	371	60	37	28	495
Formación Profesional	283	59	33	19	393
Estudios Universitarios	393	81	50	37	561
Programas FIP (máis 300 h)	9	2	0	1	13
TOTAL	2.918	519	285	179	3.902

² O índice de paro rexistrado é a relación existente entre os demandantes parados e os habitantes entre 16 e 64 anos dun ámbito xeográfico.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

	HOMES				TOTAL
	MENOS 6 MESES	6 MESES < TEMPO <=12	12 MES.< TEMPO <=24	TEMPO > 24 MESES	
Nivel Inferior ó Graduado Escolar	367	51	25	17	461
Graduado Escolar ou ESO	510	73	32	20	635
Bacharelato	179	24	11	9	224
Formación Profesional	263	42	17	9	331
Estudos Universitarios	101	16	11	5	134
Programas FIP (máis 300 h)	5	1			6
TOTAL	1.426	207	97	60	1.790

	MULLERES				TOTAL
	MENOS 6 MESES	6 MESES < TEMPO <=12	12 MES.< TEMPO <=24	TEMPO > 24 MESES	
Nivel Inferior ó Graduado Escolar	235	45	30	15	325
Graduado Escolar ou ESO	453	92	54	30	629
Bacharelato	192	36	25	19	271
Formación Profesional	317	74	39	23	452
Estudos Universitarios	292	64	39	32	427
Programas FIP (máis 300 h)	4	2	0	1	7
TOTAL	1.492	312	188	119	2.112

As mulleres neste grupo de idade teñen máis formación de base cos homes; así a porcentaxe de mulleres cun nivel inferior á Graduado Escolar ou ESO é do 15,4% mentres ó dos homes é o 25,7%. Con Graduado Escolar ou ESO hai 629 mulleres, o 29,8% e 635 homes, o 35,5%. Estes colectivos deberán ser obxecto de accións específicas para a súa incorporación ó mercado de traballo.

Este nivel formativo tradúcese nas ocupacións solicitadas polos demandantes. Dado que cada un ten a opción de inscribirse en ata cinco ocupacións, soamente se facilitan as porcentaxes para evitar confusións sobre o volume total:

OCUPACIÓNS POR GRAN GRUPO DE CNO

	HOMES	MULLERES	AMBOS
Forzas armadas	0,1%	0,0%	0,1%
Dirección das empresas e das administracións públicas	0,3%	0,2%	0,2%
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	5,2%	10,8%	8,3%
Técnicos e profesionais de apoio	11,4%	12,0%	11,8%
Empregados de tipo administrativo	5,9%	18,4%	12,8%
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vende	10,3%	35,8%	24,3%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

dores dos comercios

Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	1,5%	0,8%	1,1%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minería, excepto os operadores de instalacións e maquinaria	26,8%	2,4%	13,3%
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	8,4%	1,9%	4,8%
Traballadores non cualificados	30,2%	17,6%	23,3%

O 24,3% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 35,8% polas mozas e o 10,3% polos mozos, son ocupacións en postos do grupo 5, (Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios). Estas porcentaxes son 2,3 puntos superiores ás do conxunto dos demandantes, 6,8 puntos máis nas mulleres e 1,6 puntos máis nos mozos. Nestas ocupacións hai unha clara distribución en función dos sexos:

- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados, 19,1% mulleres e 4,9% homes. A media é do 12,7%
- Camareiros, barmans e asimilados para unha media do 3,8%, hai un 2,9% de mozos e un 4,5% de mozas
- Traballadores que se dedican ó coidado de persoas e asimilados, 4,2% mozas e 0,3% mozos. A media é do 2,5%

O 23,3% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 30,2% polos mozos e o 17,6% polas mozas, son ocupacións en postos sen cualificación, do grupo 9 (Traballadores non cualificados). No caso dos homes á porcentaxe é superior en 1,9 puntos á do total de parados. Nestas ocupacións hai unha clara distribución en función dos sexos:

- Persoal de limpeza, 5,1% mulleres e 1,6% homes.
- Peóns do transporte e descargadores nun 12,1% mozos e 5,4% mozas.
- Peóns das industrias manufactureiras nun 8,8% homes e 4,5% mulleres.
- Peóns da construción nun 3,8% homes e 0,3% mulleres.

O 13,3% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 26,8% polos mozos e o 2,4% polas mozas, son ocupacións en postos do grupo 7 (Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minería, excepto os operadores de instalacións e maquinaria). No caso dos homes á porcentaxe é superior en 3,9 puntos á do total de parados. No caso das mulleres é 2,6 puntos inferior. Nestas ocupacións hai unha clara distribución en función dos sexos:



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

- Moldeadores, soldadores, chapistas, montadores de estruturas metálicas e traballadores asimilados, 5,6% homes e 0,1% mulleres.
- Mecánicos e axustadores de maquinaria, 4,2% mozos e 0,1% mozas.
- Carpinteiros (excepto carpinteiros de estruturas metálicas) 3,4% mozos e 0,1% mozas.
- Mecánicos e axustadores de equipos eléctricos e electrónicos, 2,8% os homes e 0,1% as mulleres.

O 12,8% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 5,9% polos mozos e o 18,4% polas mozas, son ocupacións en postos do grupo 4 (Empregados de tipo administrativo). No caso dos homes a porcentaxe é superior en 1,1 puntos á do total de parados. No caso das mulleres é 1,1 puntos inferior. Nestas ocupacións hai unha clara distribución en función dos sexos:

- Caixeiros, despachadores de billetes e outros empregados asimilados en trato directo co público, 6,6% mulleres e 0,1% homes.
- Taquígrafos e mecanógrafos 2% os mozos e 5,1% as mozas

Nestes catro grandes grupos están inscritas as tres cuartas partes das ocupacións solicitadas.

Os demandantes que teñen titulación de tipo profesional representan o 67,6% do total. Deles o 65,4% son mulleres. Hai 783 demandantes con titulación de formación profesional dos que o 42,3% son homes e o 57,7% mulleres.

En relación cos titulados universitarios, hai 561 menores de 30 anos dos que o 23,8% son homes e o 76,2% mulleres.

2.3.2.O desemprego das mulleres

En Vigo hai 11.898 mulleres desempregadas. Delas o 83,9% teñen experiencia laboral. As mulleres representan o 64,2% do total cando soamente son o 45,3% da afiliación.



Concello de Vigo
 Promoción Económica, Emprego
 e Participación Cidadá

MULLERES DESEMPREGADAS EN VIGO

	MULLERES				TOTAL
	MENOS 6 MESES	6 MESES < TEMPO <=12	12 MES.< TEMPO <=24	TEMPO > 24 MESES	
Nivel Inferior ó Graduado Escolar	952	435	537	1.912	3.836
Graduado Escolar ou ESO	1.454	478	517	1.229	3.679
Bacharelato	610	204	205	327	1.345
Formación Profesional	805	234	193	341	1.573
Estudos Universitarios	743	220	188	299	1.450
Programas FIP (máis 300 h)	6	4	2	3	15
TOTAL	4.570	1.576	1.641	4.110	11.898

As mulleres que son paradas de longa duración son o 48,3% das paradas, 5.751 mulleres, mentres que nos homes os parados de longa duración son o 30,7%.

O Nivel de estudos é similar nos home se nas mulleres. O 79,5% das mulleres carece de formación de tipo profesional fronte ó 79,5% dos homes. Entre elas, o 32,2% ou carece de estudos ou son inferiores ó Graduado Escolar (os homes son o 32,1%).

Mentres que as mulleres con formación de tipo profesional son unha de cada catro (25,4%), os homes son un de cada cinco (20,3%)

As diferenzas, igual que xa analizamos nos menores de 30 anos, está nas ocupacións nas que están inscritas.

OCUPACIÓNS POR GRAN GRUPO DE CNO

	HOMES	MULLERES	AMBOS
Forzas armadas	0,0%	0,0%	0,0%
Dirección das empresas e das administracións públicas	1,7%	0,4%	0,8%
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	5,9%	7,7%	7,1%
Técnicos e profesionais de apoio	13,3%	7,9%	9,8%
Empregados de tipo administrativo	7,0%	17,3%	13,8%
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	8,7%	29,0%	22,0%
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	2,6%	1,2%	1,7%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minería, excepto os operadores de instalacións e maquinaria	22,9%	5,0%	11,1%
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	9,6%	4,5%	6,2%
Traballadores non cualificados	28,3%	27,0%	27,4%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Nos vinte grupos de ocupacións máis solicitados por mulleres, están inscritas o 78,3% das mulleres. Neses mesmos grupos soamente o 40,2% do total de homes.

CN O	OCUPACIÓN	HOMES	MULLE RES	AMBO S
912	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros traballadores asimilados	2,4%	14,6%	10,4%
533	Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	3,3%	13,5%	10,0%
421	Taquígrafos e mecanógrafos	2,7%	5,8%	4,8%
511	Auxiliares de enfermería e asimilados	0,3%	4,9%	3,3%
970	Peóns de industrias manufactureiras	7,0%	4,6%	5,4%
512	Traballadores que se dedican ó coidado de persoas e asimilados (excepto o auxiliares de enfermería)	0,4%	4,1%	2,8%
460	Caixeiros, despachadores de billetes e outros empregados asimilados en trato directo co público	0,7%	3,9%	2,8%
980	Peóns do transporte e descargadores	8,2%	3,3%	5,0%
452	Empregados de axencias de viaxes, recepcionistas en establecementos distintos de oficinas e telefonistas	0,9%	3,1%	2,3%
817	Operadores de robots industriais	4,4%	2,6%	3,2%
451	Empregados de información e recepcionistas en oficinas	0,3%	2,4%	1,7%
836	Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles artigos de pel e de coiro	0,1%	2,4%	1,6%
502	Camareiros, barmáns e asimilados	2,3%	2,3%	2,3%
793	Traballadores da industria téxtil, a confección e asimilados	0,2%	2,0%	1,4%
780	Traballadores da industria da alimentación, bebidas e tabaco	0,8%	1,9%	1,5%
501	Cociñeiros e outros preparadores de comidas	0,8%	1,8%	1,5%
341	Profesionais de apoio da xestión administrativa, con tarefas administrativas xerais	0,5%	1,6%	1,3%
332	Representantes de comercio e técnicos de venda	4,1%	1,2%	2,2%
222	Profesores de ensino secundario	0,7%	1,1%	1,0%
513	Peiteadores, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	0,1%	1,1%	0,8%

As ocupacións que están máis claramente feminizadas son a de Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros traballadores asimilados que conta co 14,6% das demandas. Nesta ocupación, a porcentaxe de contratos rexistrados en 2007 foi do 8,7% sobre o total, a todas luces insuficiente para as demandantes existentes.

O reto que ten presente Vigo, como o conxunto da sociedade, é a incorporación das mulleres en pé de igualdade ó conxunto das ocupacións. Soamente deste xeito poderá equilibrarse a situación de desemprego que afecta ás mulleres en maior medida ca aos homes.

Por grupos de idade e tempo de permanencia no paro, é importante destacar aquelas mulleres que teñen máis de 45 anos e non teñen experiencia laboral. Hai en Vigo 865 mulleres nesta



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

situación. Ese mesmo colectivo, en homes, está formado por 112 demandantes.

2.3.3.O paro de longa duración


No concello de Vigo hai 7.782 demandantes que levan máis de doce meses inscritos. De eles 5.299 levan máis de 24 meses. Por grupos de idade, o colectivo máis amplo é o de máis de 45 anos, con 5.333 demandas, o 64,9% dese grupo de idade.

Os demandantes comprendidos entre 30 e 44 anos que son parados de longa duración supoñen 1.983 demandas, o que supón o 31% do seu grupo de idade.

Os menores de 30 anos parados de longa duración son, de 12 ou máis meses, 465, o 11,9%. A estes hai que lles engadir 519 (o 13,3%) que levan máis de seis meses.

DEMANDANTES PARADOS SEGUNDO TEMPO DE INSCRICIÓN

No cadro aparece tempo, cambialo por tempo



Este colectivo deberá ser un dos eixos nos que se basee o Plan de emprego municipal debido ás propias dificultades de inserción que ten. O paro de moi longa duración ás veces sitúa ós



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

demandantes en risco de exclusión social.

2.4. Conclusións

- 1º A poboación do Concello de Vigo, dun xeito menos acusado ca de outras cidades e vilas galegas, presenta unha diminución nos últimos catro anos das persoas entre 16 e 29 anos que pode dificultar o mantemento das taxas de actividade actuais.
- 2º Nos últimos catro anos foi o aporte de persoas inmigrantes que evitou a perda de poboación entre 16 e 64 anos. Na actualidade hai 13.921 inmigrantes dos que o 82,7% están en idade de traballar.
- 3º O mantemento do volume de poboación activa actual pasa necesariamente por acadar unhas taxas de actividade superiores entre as persoas en idade laboral e por unha incorporación de traballadores procedentes doutras áreas xeográficas. Nos vindeiros anos esta necesidade de aporte será superior dada a pirámide de poboación deste concello.
- 4º En Vigo traballan afiliadas á Seguridade Social 152.901 persoas. O redor do 80% das persoas que traballan en Vigo, residen neste municipio. Nos últimos catro anos a afiliación incrementouse en 18.303 persoas, un 13,6%. As mulleres representan o 45,3% da afiliación.
- 5º A estrutura da poboación afiliada por sector económico sitúa no ano 2007 ó sector servizos co 71,4% do total de afiliacións, a industria en segundo lugar co 20,1% e, en terceiro lugar e con bastante diferenza, á construción co 7% dos afiliados e afiliadas
- 6º Por actividades económicas, agrupada sen subseccións, en Vigo estase a dar unha especialización en tres ramas da industria que son nas que se produce incremento da afiliación: a industria de fabricación de material de transporte; a do téxtil e da confección e a da alimentación, bebida e tabaco.
- 7º O peso do sector da construción en Vigo é do 7% o que implica 5,8 puntos menos que en Galicia e no Estado. Conta con 10.752 traballadores
- 8º Os servizos en Vigo supoñen o 71,4% do total de afiliados, 8,1 puntos máis que en Galicia e 4,5 máis ca media do Estado.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

- 9º O sector servizos de Vigo incrementouse en 14.374 afiliacións, acadando os 109.117 afiliados e afiliadas. As ramas máis dinámicas foron outros servizos empresariais; as sanitarias e servizos sociais; o comercio e o transporte. Estas catro ramas supoñen o 76,9% do total do incremento do sector.
- 10º A afiliación no réxime de autónomos tivo en Vigo un incremento do 12,1%. En 2007 hai 17.207 autónomos en Vigo
- 11º No sector industrial soamente houbo un incremento de 112 autónomos nos últimos catro anos.
- 12º O sector da construción tivo un crecemento nese período do 17,8% ata acadar as 2.061 persoas autónomas. Estes supoñen o 19,2% do total do sector.
- 13º O comercio representa o 34,8% dos autónomos vigueses. Case un de cada catro traballadores desta actividade, o 23,2%, son autónomos.
- 14º Nos servizos á comunidade e persoais o crecemento de autónomos, o 14,3%, foi moi inferior, 5,8 puntos menos, ó do total de afiliados.
- 15º A evolución do peso da contratación indefinida despois de estar estancada durante cinco anos, 2001 – 2005, no que soamente variou 0,7 puntos, tivo un importante impulso nos dous últimos anos, nos que medrou 1,1 puntos.
- 16º A contratación indefinida das mulleres supón o 10,1% do total de contratos rexistrados a mulleres e a dos homes o 11,9%. A diferenza é de 1,8 puntos.
- 17º Nas cinco actividades onde se estableceron os Pactos sectoriais de estabilidade incrementaron a contratación indefinida nun 48,1%, 3,7 puntos máis ca media.
- 18º A estabilidade no emprego é un dos requisitos para poder acadar un mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por traballadores cualificados e implicados no proxecto empresarial, isto é, traballadores de alta produtividade en empresas competitivas.
- 19º En Vigo, no ano 2007, houbo unha media de demandantes de emprego de 18.519 persoas, das que o 64,2% eran mulleres e o 21% menores de 30 anos.
- 20º Isto supón que o 9% da poboación entre 16 e 64 anos estaba desempregada. No conxunto de



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Galicia representaban o 8,2%

- 21º Esta estrutura de paro por sexos obedece a propia estrutura produtiva de Vigo. No sector industrial o 70,7% o compoñen actividades moi masculinizadas (fabricación de material de transporte ou metalurxia).
- 22º En Vigo hai 3.902 mozos e mozas que están desempregados. O principal problema destes mozos é a súa falta de formación de tipo profesional. O 65,2% deles, 2.545, carece de formación deste tipo. Hai 786, o 20,1% que o seu nivel de formación é inferior ó Graduado Escolar ou en ESO.
- 23º As mulleres neste grupo de idade teñen máis formación de base cos homes; así a porcentaxe de mulleres cun nivel inferior á Graduado Escolar ou ESO é do 15,4% mentres ó dos homes é o 25,7%.
- 24º O 24,3% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 35,8% polas mozas e o 10,3% polos mozos, son ocupacións en postos do grupo 5, (Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios).
- 25º O 23,3% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 30,2% polos mozos e o 17,6% polas mozas, son ocupacións en postos sen cualificación, do grupo 9 (Traballadores non cualificados).
- 26º O 13,3% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 26,8% polos mozos e o 2,4% polas mozas, son ocupacións en postos do grupo 7 (Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minería, excepto os operadores de instalacións e maquinaria).
- 27º O 12,8% das ocupacións solicitadas polos menores de 30 anos desempregados, o 5,9% polos mozos e o 18,4% polas mozas, son ocupacións en postos do grupo 4 (Empregados de tipo administrativo).
- 28º Os demandantes que teñen titulación de tipo profesional representan o 67,6% do total. Deles o 65,4% son mulleres. Hai 783 demandantes con titulación de formación profesional dos que o 42,3% son homes e o 57,7% mulleres.
- 29º En relación cos titulados universitarios, hai 561 menores de 30 anos dos que o 23,8% son



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

homes e o 76,2% mulleres.

- 30°** En Vigo hai 11.898 mulleres desempregadas. Delas o 83,9% teñen experiencia laboral. As mulleres representan o 64,2% do total cando soamente son o 45,3% da afiliación.
- 31°** Mentres que as mulleres con formación de tipo profesional son unha de cada catro (25,4%), os homes son un de cada cinco (20,3%).
- 32°** Nos vinte grupos de ocupacións máis solicitados por mulleres, están inscritas o 78,3% das mulleres. Neses mesmos grupos soamente o 40,2% do total de homes.
- 33°** Dos 11.602 contratos rexistrados na fabricación de material de transporte ou na metalurxia en 2007, 9.569 correspondían a homes, o 82,5%. Ademais deste sector, na construción dos 10.125 contratos soamente o 7,3% correspondían a mulleres.
- 34°** As ocupacións que están máis claramente feminizadas son a de Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros traballadores asimilados que conta co 14,6% das demandas. Nesta ocupación, a porcentaxe de contratos rexistrados en 2007 foi do 8,7% sobre o total, a todas luces insuficiente para as demandantes existentes
- 35°** Por grupos de idade e tempo de permanencia no paro, é importante destacar aquelas mulleres que teñen máis de 45 anos e non teñen experiencia laboral. Hai en Vigo 865 mulleres nesta situación. Ese mesmo colectivo, en homes, está formado por 112 demandantes.
- 36°** No Concello de Vigo hai 7.782 demandantes que levan máis de doce meses inscritos. Deles 5.299 levan máis de 24 meses. Por grupos de idade, o colectivo máis amplo é o de máis de 45 anos, con 5.333 demandas, o 64,9% dese grupo de idade.
- 37°** Este colectivo deberá ser un dos eixos nos que se basee o Plan de emprego municipal debido ás propias dificultades de inserción que ten. O paro de moi longa duración ás veces sitúa ós demandantes en risco de exclusión social



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE EMPREGO DE VIGO

O Plan de emprego de Vigo é unha resposta ó conxunto da problemática do emprego que ten esta cidade. Nese senso, parte dos aspectos do mercado de traballo de Vigo a considerar.

Por grandes áreas temáticas, este Plan de Emprego ten como obxectivos:

- 📁🕒 Posibilitar o desenvolvemento da cidade procurando un mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por traballadores cualificados e implicados no proxecto empresarial, isto é, traballadores de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- 📄🕒 Potenciar a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- 📄🕒 Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste Concello.
- 📄🕒 Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral .
- 👤🕒 Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- ⌚🕒 Inserir laboralmente ós colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- 🏠🕒 Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- 👥🕒 Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- 🗺️🕒 Potenciar a creación dun Observatorio do mercado de traballo vinculado ó Pacto territorial de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso das iniciativas emprendedoras.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

4. VINCULACIÓN DO PLAN DE EMPREGO DE VIGO CO CONXUNTO DE POLÍTICAS DE EMPREGO

A política de emprego do Concello de Vigo non pode ser unha política illada. Necesariamente debe analizar o conxunto de programas e liñas de actuación existentes nos tres ámbitos (europeo, estatal e galego), adaptalos ás necesidades específicas de Vigo e, con todo isto, formular este Plan de emprego.

Neste sentido, o Concello de Vigo asume como guía de actuación o “Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo emprego” e relaciona o seu conxunto de políticas cos obxectivos declarados neles. Esta implicación leva a este concello a asumir:

- A súa responsabilidade no liderado do Pacto territorial de emprego co conxunto de concellos da zona e cos axentes socioeconómicos para facer unha análise de situación da área de Vigo en termos de emprego establecendo un plan de actuación que maximizando as fortalezas e minimizando as debilidades sexa capaz de sortear as ameazas que se lle presentan e aproveitar as oportunidades que se nos ofrecen.
- O eixo das políticas do Novo Servizo Público de Emprego baséase na atención personalizada ós demandantes de emprego a través de itinerarios personalizados de inserción e de orientación laboral. O Concello de Vigo como centro asociado de orientación, utilizará os mecanismos que lle brinda o proxecto “IMOS TRABALLAR” para personalizar á atención a aqueles colectivos con máis dificultades de acceso ó emprego.
- A mellora da empregabilidade das persoas desempregadas é o obxectivo final de todas as políticas activas de emprego. Neste senso o Concello de Vigo utilizará as medidas de formación para o emprego, os programas de formación en alternancia e de adquisición de experiencia.
- A asunción por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia das competencias de inscrición e clasificación dos demandantes así como da intermediación coa extinción do Servizo Galego de Colocación, obríganos a redefinir as relacións a manter co conxunto de oficinas de emprego existentes na cidade, sendo elas quen nos deban facilitar ó conxunto de participantes nos nosos programas. O Concello de Vigo establecerá un sistema fluído de relación, facilitado pola presenza de todos nos diferentes órganos do Pacto territorial, que permita achegar as necesidades de traballadores das empresas viguesas ás oficinas para a súa cobertura.
- A aposta que se está a facer na calidade do emprego por parte da Xunta de Galicia e da administración estatal traducirase nunha política de campañas de información e de promoción do



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

emprego estable non tanto a través de axudas directas ás empresas senón de sensibilización, motivación e fomento de acordos de estabilidade.

- O fomento das iniciativas emprendedoras será unha das grandes apostas que se fagan neste Plan de emprego. Este farase tanto na súa vertente individual como colectiva a través de empresas de economía social. Neste eido estableceranse subvencións para o inicio da actividade que se manterán por un período de ata tres anos en función do grao de consolidación do proxecto.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

5. PROGRAMAS A DESENVOLVER NO PLAN DE EMPREGO

O Plan de emprego de Vigo xira ó redor dos sete programas que o conforman. Estes programas son os seguintes:

5.1 Programa emprego – calidade.

A estabilidade no emprego é un requisito tanto para que as empresas invistan no seu capital humano a través de formación para o emprego e outras medidas, como para que os traballadores poidan facer plans de futuro a corto e medio prazo.

Se ben é certo que a contratación indefinida ten experimentado en Vigo un importante impulso nos últimos dous anos nos que creceu un 57% máis que nos cinco anteriores, aínda representa o 11% do total de contratación rexistrada.

O programa Emprego – calidade adaptará ás características do tecido empresarial de Vigo todas e cada unha das subvencións e bonificacións ó emprego indefinido existentes, para darllas a coñecer e informar sobre a súa tramitación.

O Concello promoverá a realización de xornadas coa presenza de empresarios e sindicatos no que se poña en valor a calidade do emprego como medio de avanzar cara á un emprego máis produtivo.

Dende o Concello fomentárase que os diferentes sectores produtivos presentes na nosa cidade acaden pactos sectoriais de estabilidade. Para iso o observatorio do mercado de traballo de Vigo analizará a evolución mensual da contratación indefinida por sectores de actividade, propondo medidas sobre aqueles con menores índices.

A calidade do emprego está moi relacionada coa “Responsabilidade social empresarial”. Establecerase un Protocolo de Colaboración coa Consellería de Traballo cara á difusión da RSE nas empresas viguesas. Farase máis fincapé en poñer en valor aquelas pequenas e medianas empresas que adoptan iniciativas de RSE tanto na contratación de colectivos de difícil inserción, como medidas favorecedoras da igualdade de homes e mulleres, na estabilidade, na adaptación ó cambio, na xestión do impacto ambiental ou no campo da seguridade e saúde laboral.

Así mesmo o Concello terá en conta nos seus concursos con provedores os niveis de estabilidade dos seus cadros de persoal, outorgando unha puntuación en función da súa taxa de estabilidade.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

5.2 Programa Vigo – emprende.

A iniciativa emprendedora e a capacidade innovadora das persoas son un factor de gran importancia para a economía. Ademais de xurdir dela un importante número das empresas hoxe existentes, xorden tamén aqueles que se autoempregan. En Vigo hai case 20.000 autónomos, e queremos que o seu número siga a crecer. Por isto, dende o Concello de Vigo estase a por unha serie de actuacións que teñen como finalidade estimular e apoiar a iniciativa emprendedora para que as persoas poidan por en marcha empresas con garantías de éxito.

Ademais do emprendedor individual potenciaremos ó “emprendedor colectivo” que xorde baixo formas de economía social. Nesta liña propiciaremos a creación de cooperativas e sociedades laborais. Entre outras actuacións no Programa Emprega estableceranse módulos de formación en economía social para impulsar a creación deste tipo de empresas.

Todas as actuacións deste programa estarán coordinadas polo servizo de asesoramento e promoción dos/das emprendedores/as (SAE).

Dende o servizo se acompañan as persoas emprendedoras mediante unha metodoloxía mixta de acompañamento presencial e virtual, complementada cunha ampla oferta de actividades formativas. É dicir, combínase a atención personalizada de calidade co fomento da autonomía dos/as usuarios/as a través de espazos físicos e virtuais de autoconsulta. O centro estará dotado de equipamento informático e conexión a Internet, para que ós/ás emprendedores/as poidan utilizalos. Dende o servizo incentivarase a creación de empresas de economía social, as empresas creadas no réxime de autónomos e tamén as empresas patroneadas por mulleres

Unha das actuacións que fará o Concello de Vigo será estimular á poboación a iniciativa emprendedora, xa que así as persoas emprendedoras poden ter maiores oportunidades de mellora profesional e persoal. Centrando o esforzo en divulgar as vantaxes de crear empresas cooperativas, especialmente cando os promotores sexan persoas en risco de exclusión social.

Pero o Concello é consciente que para contar con usuarios/as no centro debe dar a coñecer en que consiste o servizo do SAL e indicar porque debe ser un referente para todos/as aqueles/as que desexen crear a súa empresa.

As actuacións centraranse sobre todo nos/as alumnos/as procedentes de ensinanza secundaria,



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

universidades e escolas de negocios, xa que son os/as novos/as os que teñen maior espírito empresarial, aínda que tamén se aproveitarán os coñecementos que teñan outros colectivos

Neste programa atópanse incluídas as seguintes medidas:

▪ *Difusión da imaxe emprendedora*

Para o Concello de Vigo é fundamental estimular a iniciativa emprendedora dos/as novos/as, xa que son eles os que están máis animados a crear unha empresa e, por outro lado, son os que sofren os maiores índices de inestabilidade laboral. Polo tanto, a iniciativa empresarial convértese nunha oportunidade para xerar o seu propio emprego e conseguir unha estabilidade que lle permita ter unha independencia económica e un traballo de calidade. Sen embargo, aínda existen dificultades e trabas sociais, culturais e políticas que fan pensar que o único emprego que poden conseguir os/as mozos é o emprego dependente.

▪ *Difusión dos servizos do SAE*

O Concello tamén é consciente que para ter usuarios/as debe dar a coñecer os servizos que se dan a través do SAE, polo que porá en marcha unha serie de actividades de difusión dos servizos que se proporcionan no SAE así como a maneira para poder acceder a eles. Sen embargo, o Concello pretende fuxir o máximo posible das medidas de difusión a través de publicidade en formato papel e potenciando as actividades difusoras que teñen como base as novas tecnoloxías e que estean de acordo co desenvolvemento sostible.

▪ *Difusión do cooperativismo*

Para o Concello de Vigo é fundamental estimular no sometes a iniciativa emprendedora en xeral senón tamén participar activamente das iniciativas postas en marcha pola Xunta de Galicia e difundir e incentivar o desenvolvemento das sociedades cooperativas, que son un tipo de empresas con unha fórmula empresarial moi interesante para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social. É por iso polo que o Concello de Vigo fará unha especial difusión entre a poboación deste tipo de fórmula empresarial, co fin de dala a coñecer e animar á súa constitución.

▪ *Premio “Emprende para gañar”*

Dende o Concello tamén se pretende apoiar e recompensar a mellor iniciativa emprendedora na



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

cidade, establecendo o premio anual “Emprende para gañar”. Para iso, o Concello fixará unhas bases, nas que determinará as opcións para poder participar, o lugar de presentación, e tamén a contía do premio. Unha vez establecidas as bases faraas públicas con tempo suficiente para que poidan optar a elas os/as emprendedores/as de Vigo

▪ *Centro de recursos SAE*

O Centro de Recursos é un espazo no que se pode transformar a idea de negocio nun proxecto empresarial viable a través dun programa de actividades diario, acceso a contidos on-line e asesoramento experto.

Trátase da aplicación dun modelo mixto, con accións presenciais e virtuais, nos que as persoas poden coñecer o necesario para emprender, recibir formación especializada, dispor de asesoramento personalizado, acceder a contidos e aplicacións do portal Web, etc.

Realizaranse seminarios que ofrezan información sobre como elaborar un plan de empresa, analizar a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial, promover actuacións económicas en novos berces de emprego, etc

Dentro das actuacións previstas, cabe salientar:

- Axudámoste a Emprender: Consiste en dar a coñecer ás persoas que queren transformar a súa idea de negocio nunha empresa real a gama de servizos que o Concello de Vigo pon a súa disposición. Tamén se resolven as dúbidas máis comúns que teñen os emprendedores, como son as formas xurídicas que poden elixir, os trámites que teñen que facer ou onde e como acadar fontes financeiras
- Formámoste para Emprender: Consiste en achegar a formación específica ás persoas que queren iniciar un proxecto empresarial. Sábese que a maior parte da xente que quere establecer un negocio carece de formación en diferentes aspectos clave para poder pór en marcha a súa empresa, polo que os seus negocios fracasan nos primeiros meses de vida.
- Coopera para Emprender: Consiste en dar a coñecer, as vantaxes que se producen cando a idea de negocio que se quere pór en marcha se fai a través das formas xurídicas de cooperativismo e de economía social. Para iso poranse en marcha un Plan de Actuacións específico, que serán desenvolvido polo SAE en colaboración con expertos nestas materias. Tamén se resolven as dúbidas máis comúns que teñen os emprendedores, como



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

son as formas xurídicas que poden elixir, os trámites que teñen que facer ou onde e como conseguir fontes financeiras

▪ *Procura de financiamento*

O financiamento dos proxectos é un dos problemas cos que se atopan os emprendedores. dos proxectos emprendedores. A realidade demostra que existen diferentes fontes e mecanismos para a obtención de fondos, polo que é imprescindible que todos/as emprendedores/as as coñezan. Nesta medida realizaranse os seguintes tipos de actuación:

- Axudas e subvencións municipais á creación de empresas: Os apoios serán de maior contía cando sexan solicitados por empresas de economía social (cooperativas, sociedades laborais, etc.) ou por autónomos
- Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM)
- Microcréditos para o autoemprego
- Axudas á consolidación das cooperativas: As cooperativas son unha fórmula empresarial de moita potencialidade para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, polo que o Concello de Vigo centrará o seus esforzos en que o número de empresas deste tipo aumenten na cidade. Para iso, dende o Concello colaborárase cos emprendedores/as que desexen establecerse en réxime de cooperativa e se lles facilitará información e asesoramento para solicitar as axudas das que dispón a Xunta de Galicia na liña do “fomento e consolidación das asociacións cooperativas”.

▪ *Consolidación de novas empresas:*

Para o Concello de Vigo non só é importante a creación das novas empresas, senón tamén a súa consolidación, xa que de nada serve que no marco do Municipio se instalen moitas empresas destinadas ao fracaso.

Hai que ter en conta que a maior parte das empresas creadas fracasan no primeiros anos, debido a que non teñen oportunidades de crecer. Saber xestionar o crecemento, definir uns obxectivos claros, innovar, etc., son as claves para que as empresas de nova creación se consoliden e crezan.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Este conxunto de actuacións destínase aos/as emprendedores/as que tiñan creado a súa empresa participando nalgún dos programas do SAE, pero tamén se ofrecerán estes servizos ás pequenas empresas de recente creación en Vigo que teñan un carácter innovador

No anterior Plan Municipal de Emprego tívase considerado crear unha incubadora-viveiro municipal de empresas na parcela municipal de Pereiro, na que se pensaba construír unha nova edificación para o mencionado uso. Sen embargo o proxecto, non se puido facer debido a problemas externos ao departamento de Emprego.

Este Concello retoma a idea inicial, e pretende non só ter unha incubadora de empresas para as mulleres, senón tamén para o resto dos emprendedores. É por iso que, unha vez finalizado o Programa Equal se manterá o EME pero tamén se buscará un espazo de incubadoras de empresas en xeral. Hai que ter en conta que as incubadoras de empresas configúranse como contornos nos que existe unha gran concentración de empresas innovadoras, onde a transferencia de coñecementos e experiencias actúa como motor de crecemento, impulsando a innovación e a mellora continua.

- *Cooperación empresarial*

Tamén se tomarán medidas para a posta en marcha da cooperación empresarial. Para iso, o Concello de Vigo fomentará a constitución de redes para que as empresas atopen unha mellor maneira de obter contactos, provedores, redes de comercialización, etc

- *Plan MOVE-TIC para Autónomos*

O Concello de Vigo é consciente da achega do colectivo de traballadores autónomos o PIB local. É por iso que diseña e vai por en marcha unha liña de actuación tendente a actualizar a súa formación para que repercuta na competitividade dos seus negocios

5.3 Programa de inserción laboral UTIL (Unidade de Traballo para a Inserción Laboral)

Este programa, aínda que non en exclusiva, céntrase fundamentalmente na mocidade. Partindo dos apuntes xa realizados, atopámonos con tres colectivos definidos de mozos e mozas:

- Os que teñen un nivel de formación inferior ó Graduado Escolar ou ESO (o 20%, 786 mozos e mozas).
- Os que teñen un nivel de Secundaria ou Bacharelato (o 45%, 1.759 mozos)



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

- Os que teñen unha formación de tipo profesional (Ciclos de FP ou titulados universitarios) (o 35%, 1.344)

Cada un destes colectivos require unha actuación diferente.

Traball@ é un programa que aplica as tecnoloxías da información e da comunicación ó servizo da orientación profesional e da inserción laboral dos mozo se mozas da cidade de Vigo. Disporase dun espazo virtual onde haberá unha serie de recursos que lles permitirán definir o seu perfil profesional, elaborar o seu currículum vitae, iniciarse nos eu autoemprego, etc.

Este espazo físico con diferentes recursos informáticos e con orientadores e dinamizadores será o primeiro lugar onde acudirán os mozos e mozas vigueses. Nel farase un primeiro achegamento á súa situación en relación co seu coñecemento das tecnoloxías da información.

En función do seu nivel de coñecemento e uso, proporáselle a súa inclusión nalgún dos cursos de curta duración que irán dende o uso da Web e do Correo electrónico ata unha alfabetización informática. Realizarán o seu Itinerario Personalizado de Inserción (IPI).

- *Mozos e mozas sen Graduado Escolar ou en ESO:*

Estes mozos e mozas incorporaranse a Traball@ enviados polas Oficinas de Emprego. Establecerase unha coordinación entre o Servizo de Orientación do Concello e o Servizo de educación para que os orientadores municipais manteñan relación cos orientadores dos centros educativos co obxectivo de que antes de abandonar o centro de ensino, os alumnos que non van proseguir estudos, reciban información sobre os pasos a dar para iniciarse no mundo laboral.

Definiranse Escolas – Obradoiro centradas na rehabilitación do contorno urbano con diferentes especialidades (fontanería, cantería, albanelería, electricidade, etc) nas que os mozos e mozas aprenderán unha profesión ó mesmo tempo que se lles facilita o remate dos seus estudos.

- *Mozos e mozas con ESO ou Bacharelato*

O Servizo de Orientación porá a súa disposición a guía de recursos de Vigo no que se atoparán as diferentes ocupacións ás que se pode acceder dende o seu nivel formativos así como as diferentes posibilidades formativas que se lle poden ofrecer.

- *Mozos e mozas con formación de tipo profesional:*



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Este colectivo pode ser dividido en dous grupos. Dunha banda están os titulados en profesións de fácil inserción, ós que fundamentalmente se lles ofertará unha orientación centrada en entrevistas de selección, presentación do curriculum e das diferentes saídas que poden ter no ámbito de Vigo. O segundo colectivo está formado por titulacións de difícil inserción e/ou parados de longa duración (máis de seis meses).

Potenciaranse con eles fundamentalmente fórmulas de iniciativa empresarial asociadas dun xeito máis o menos directo coa súa titulación. Naquelas con difícil ocupación proporcionaranse saídas e vías formativas en paralelo cara á súa situación nos novos berces de emprego. Estas “novas profesións” en moitos casos carecen dunha titulación específica e están próximas a estas titulacións. Estes proxectos está previsto que sexan definidos no estudo de prospección de necesidades de formación nos novos berces de emprego que se acometerán no programa IMOS TRABALLAR.

5.4 Programa Emprega – verde

Co desenvolvemento deste programa preténdese que o medio e a sostenibilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas e, por outro, lograr que os traballadores e traballadoras e as empresas sexan actores clave na mellora do medio e na sostenibilidade do desenvolvemento, e crear medios cara á sensibilización ambiental da cidadanía e moi especialmente dos nenos e nenas en idade escolar.

Coa realización deste programa preténdese que nesta mellora nos empregos ambientais non só deben ser tidos en conta os colectivos máis desfavorecidos como son o das mulleres, os desempregados e desempregadas maiores de 45 anos e persoas con escasa cualificación, senón tamén engadir neste proxecto a formación dos empregados e empregadas das comunidades de montes de Vigo.

Neste programa pódense destacar as seguintes accións:

- Diagnósticos, estudos, metodoloxías e guías didácticas de sensibilización.
- A celebración de xornadas de difusión dos estudos obxectivo do programa.
- A posta en funcionamento dun Observatorio “on line” sobre Emprego e Medio que recompilará e analizará o emprego xerado, os usos dos montes periurbanos de Vigo, etc.
- Cursos de formación presencial.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

5.5 Programa de emprego feminino

O programa de emprego feminino do Concello céntrase na aplicación en Vigo do Plan Aurora recentemente presentado pola Consellería de Traballo. Do conxunto de medidas que abarca, farase especial fincapé nos seguintes programas:

- *Muller porque si*

Este programa está dirixido á incorporación da muller nas ocupacións nas que está sobrerepresentada. A estrutura industrial de Vigo no que a industria de fabricación de medios de transporte representa un 54% de todo o emprego, precisa ser aberta ás mulleres. O Concello de Vigo realizará campañas informativas e de sensibilización cara ás mulleres para a súa formación nestas profesións. Así mesmo, a través dos seus servizos de orientación motivará ás desempregadas para establecer o seu IPI nesta liña.

Así mesmo realizará campañas informativas cos empresarios para a incorporación da muller no conxunto de ocupacións en pé de igualdade.

- Tecendo futuro

Existe un importante número de mulleres que proveñen de sectores feminizados “maduros” ou de ocupacións nas que o volume de demandantes é moi superior ás necesidades do mercado de traballo. Nas ocupacións de dependente ou persoal de limpeza figura case a terceira parte de todas as mulleres inscritas (o 28,1%). Este programa pretende a súa incorporación a outras actividades. O Concello de Vigo fomentará a elaboración de IPI’s que propicien este cambio. Naqueles casos nos que a ocupación poida ser obxecto dun programa experiencial e a demandante reúna os requisitos, daralles prioridade para a súa incorporación.

5.6 Programa Emprega

Este programa está dirixido fundamentalmente ós parados de longa duración e as persoas de máis de 45 anos sen experiencia laboral.

Este programa está formado fundamentalmente por dous tipos de medidas:



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

- Programas de adquisición de hábitos de traballo e de reincorporación ó traballo, centrado en parados de longa ou moi longa duración de servizos culturais, de ocio e do medio

Ofreceráse unha formación técnica inicial relacionada co posto de traballo, que incluírá módulos de prevención de riscos laborais e educación ambiental, ao longo do contrato de traballo recibirán formación específica continua con accións de acompañamento á inserción (cursos de competencias persoais, técnicas de busca de emprego, alfabetización, alfabetización telemática...).

Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da formación e contratación destas persoas desempregadas. Dependendo dos diferentes traballos que vaian realizar, (xardinería, electricidade, mantemento urbano, etc.) ofertaráselles posibilidades de formación para o emprego a través dun IPI co que acadarán os coñecementos profesionais necesarios para o desenvolvemento desa profesión.

Unha vez levado a termino o seu itinerario, configuraranse grupos de busca de emprego dirixidos por un orientador.

- Programas mixtos de formación e de iniciativas emprendedoras dirixido a persoas de máis de 45 anos sen experiencia laboral ou que levan máis dun ano inscritas como demandantes, en ocupacións vinculadas ás novas necesidades da vida diaria e de mellora do marco de vida.

A formación a impartir será, entre outras, a seguinte:

- Atención sociosanitaria a persoas no seu domicilio
- Coidador de discapacitados físicos e psíquicos
- Animador de persoas maiores
- Especialista en atención domiciliaria infantil



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

6. EXECUCIÓN DO PLAN

Son moitas as circunstancias que afectan ao adecuado desenvolvemento das accións e proxectos que, a través dos diferentes programas, no presente Plan se propoñen. Neste capítulo resaltaránse as que teñen que ver cos criterios transversais de aplicación, coas estruturas técnicas e físicas que o Concello de Vigo debe poñer sobre a mesa, tratando tamén os procedementos e mecanismos de posta en marcha, control e retroalimentación, imprescindibles na procura permanente dunha maior eficiencia.

A sensibilidade da administración competente no desenvolvemento das políticas activas de emprego (a Xunta de Galicia a través da actual Consellaría de Traballo) cos postulados do presente plan, deberá ter reflexo no establecemento de acordos tendentes á necesaria coordinación e integración de accións por parte das administracións públicas (autonómica e local), como paso imprescindible no proceso de concertación e coparticipación dos axentes e actores locais directamente implicados, na liña dunha **planificación da acción local polo emprego**, estratexia recomendada e inducida pola propia Estratexia Europea de Emprego da Unión Europea .

1.- CRITERIOS TRANSVERSAIS

Ademais da aplicación rigorosa dos criterios de actuación propios de toda Administración Pública (racionalidade do gasto, eficacia, eficiencia, transparencia, igualdade, etc.), na implementación da totalidade dos programas e proxectos descritos no presente plan, así como daqueles outros que poidan ser incorporados con posterioridade, teránse en conta (tanto nas fases de execución como de deseño de proxectos e/ou programas) os seguintes criterios transversais:

1.1.- Igualdade de Oportunidades.

É importantísimo que o Concello de Vigo teña en conta este principio e o aplique en todas e cada unha das actuacións que leve a cabo. Neste período, e seguindo as directrices da *Estratexia marco comunitaria sobre igualdade entre homes e mulleres 2001-2005*, recollidas tamén no *II Plan municipal para a igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 2003-2004*, os programas e proxectos acollidos ao presente plan deberán incidir especialmente na facilitación do acceso das mulleres ao mundo laboral en condicións de igualdade, nomeadamente naquelas profesións nas que a súa presenza actual sexa significativamente inferior á que sería desexable nunha hipotética situación de normalidade e igualdade en razón de xénero. Así mesmo priorizarase a integración laboral doutros colectivos con especiais dificultades de inserción como son: discapacitados/as, persoas vítimas da violencia doméstica, maiores de 45 anos, mozos/as e desempregados/as de longa duración.

Para conseguir manter este principio, a Concellería de Promoción Económica e Emprego, firmará un convenio de colaboración coa Consellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, co fin de garantir que:

- Toda a documentación que se xere e sexa pública pase por unha normalización lingüística respecto a xénero.
- As mulleres que sexan atendidas por algún dos programas do Plan Municipal de Emprego e se considere que o necesitan, poidan optar directamente ó servizo de atención domiciliaria dos seus fillos, sempre que sexan menores de 10 anos (que será tramitado a través do Plan de Emprego).
- Incluíranse dentro dos programas do Plan Municipal de Emprego como colectivo prioritario as mulleres



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

vítimas de violencia de xénero.

Con todo isto o que se pretende é conseguir que este principio transversal se cumpra de acordo ás directrices correctas e, ó mesmo tempo, conseguir involucrar a outras Concellerías neste importante Plan de Emprego.

Tamén se firmarán convenios específicos de emprego referidos a Muller coa Consellería de Traballo, co fin de garantir a participación das mulleres en todos os programas do Plan, así como conseguir que estas alcancen a plena igualdade.

1.2.- O medio.

O desenvolvemento social e económico xa non se pode desvincular da conservación e protección dos valores naturais e ambientais dun territorio. Os diferentes programas e proxectos do plan deberán enmarcarse na liña do establecido polo programa comunitario *Axenda 21 Local*, de promoción no ámbito local de estratexias de desenvolvemento sustentable, de protección ambiental e de participación.

Dende o Concello terase especial coidado con que os proxectos empresariais de nova creación sexan respectuosos co medio, e formarse especificamente no mencionado campo a todos os/as emprendedores/as que desexen crear unha empresa.

Ó mesmo tempo, dende o Concello tamén se velará polo uso racional do papel, evitando o exceso de gasto deste produto, fomentando o uso doutros medios como son o formato electrónico para as tarefas de difusión ou de información.

1.3.- Utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.

A xeneralización do uso das novas tecnoloxías deberase reflectir no desenvolvemento dos programas e proxectos do plan, de xeito que tanto a alfabetización informática como a familiarización con internet e correo electrónico sexan incluídos, na medida das posibilidades reais de cada caso, na totalidade das actividades formativas do plan.

De feito, apóstase directamente por este tema transversal xa que ambos os dous servizos centrais disporán dun portal Web dende o que se ofrecerá a maior parte da información que se pode recibir directamente no centro físico. Ademais, o sistema de difusión tamén terá en conta as novas tecnoloxías cos paneis informativos.

1.4.- Seguridade laboral.

Dende o Concello créese que este é un tema tamén de vital importancia, xa que son numerosos os accidentes laborais que ocorren na nosa cidade. Por iso, conscientes de que unha boa información e formación faría que este problema se reducise, nos distintos programas potenciarase a formación neste campo tanto dos/as emprendedores/as como dos/as desempregados/as, tratando así de minimizar o número de accidentes laborais que están a suceder.

2.- MECANISMOS DE EXECUCIÓN



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Na fase final de execución do anterior marco de actuación municipal no ámbito da promoción do emprego realizouse un estudo de satisfacción de usuarios/as que evidenciou unha alta valoración en canto á atención recibida (con algunha proposta de mellora no referido ao período de establecemento de citas previas para as consultas nos servizos). Entre outros resultados, o estudo indicou tamén que as e os usuarios dos programas tiñan unhas expectativas altas en canto á consecución inmediata do seu obxectivo de atopar traballo, que non sempre se viron cubertas.

Esta maior esixencia debe levar a unha implicación municipal aínda máis intensa, de maneira que se poida orientar o traballo dun xeito eficiente e sen unha dependencia excesiva doutros organismos para poder desenvolver os proxectos. Así, a continuación indícanse as necesidades previstas en canto a recursos humanos, equipamentos e metodoloxías, tendo en conta que, sobre o indicado, calquera achega a maiores permitirá afondar na intensidade do traballo para realizar.

Os niveis de tratamento das cuestións relacionadas coas estruturas técnicas divídense entre os que afectan á propia organización municipal e aqueles outros nos que interveñen outras entidades e organismos

2.1.- Estruturas técnicas municipais.

Como se indica na articulación dos diferentes programas, os servizos básicos de funcionamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá (Servizo de Orientación Laboral -SOL- e Servizo de Asesoramento a Emprendedores -SAE-), soportan boa parte das actividades necesarias para o seu adecuado desenvolvemento. A maiores, os proxectos teñen persoal específico normalmente dimensionado para cubrir as súas necesidades de funcionamento.

A tramitación administrativa e os traballos de dirección e coordinación deben ser asumidos polas estruturas centrais da concellaría, así como o deseño e programación de novos proxectos/programas que o desenvolvemento do PME requira, na procura dun aproveitamento intenso das potencialidades que, en termos de xeración de emprego, posúa Vigo e a súa área de influencia.

No seguinte esquema móstrase unha aproximación á estrutura básica do persoal de xestión e desenvolvemento do *Plan municipal de emprego 2008-2011*, no que se indica entre parénteses o número inicial previsto de efectivos en cada caso.

As posibles ampliacións (posta en marcha de novos programas/proxectos, distribución territorializada dos servizos, etc) deberán producir modificacións nesta distribución.

O financiamento e localización do persoal indicado poderá vir de diferentes fontes:

- Personal funcionário do cadro de persoal municipal.
- Persoal contratado especificamente e temporalmente para o desenvolvemento do PME con cargo ao orzamento municipal.
- Persoal contratado ao abeiro de subvencións de diferentes programas doutros organismos (Orientación para o emprego, técnicos/as locais de emprego, escolas obradoiro, obradoiros de emprego, etc.).


As sucesivas convocatorias da oferta de emprego pública municipal deberán recoller, progresivamente e sempre



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

dentro das posibilidades reais da organización municipal, persoal específico para a área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, como indicador da maior implicación municipal no desenvolvemento deste tipo de políticas, invertindo a relación actual entre persoal fixo e persoal temporal, dando coherencia ao propósito do propio Plan de promover o emprego estable e de calidade.

A integración entre todos os programas e actividades incluídos no presente plan vai requirir dunha intensa coordinación entre os/as responsables e técnicos/as de cada programa ou servizo, de xeito que o coñecemento compartido permita un maior e mellor aproveitamento do conxunto de recursos postos a disposición dos/as desempregados/as do municipio. Reunións periódicas entre os/as responsablestécnicos/as da concellaría e dos diferentes servizos e programas (**Equipo de coordinación**) permitirán establecer sinerxias, evitar duplicidades, detectar erros e propoñer melloras de xeito conxunto.





Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Noutro plano, a coordinación entre os distintos departamentos municipais que desenvolven accións similares ou equiparables ás descritas neste documento (Benestar Social, Igualdade, Xuventude, ...) é imprescindible na medida en que se pretenda que sexa ben percibido o esforzo municipal que supón o deseño e execución do PME 08-11. A revitalización da **Comisión Técnica de Emprego**, como foro periódico de coordinación entre os departamentos municipais que desenvolven directamente accións que repercuten na mellora da ocupabilidade dos vigueses e viguesas, será un eixo importante na implementación do plan.

Por último, a Xunta de Goberno local terá a responsabilidade de ir introducindo a variable “emprego” no conxunto de políticas municipais (urbanística, comercial, de servizos, etc), de xeito que poidan amplificarse as repercusións previstas na aplicación das políticas de emprego descritas no presente documento.



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

7. ANEXOS³

AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL EN VIGO

CNAE	ACTIVIDADE	2004	2007	2007 - 2004	% 2007 / 2004
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	361	365	4	1,1%
02	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	44	81	37	84,1%
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas	2.317	1.869	-448	-19,3%
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	171	117	-54	-31,6%
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	2.016	2.205	189	9,4%
17	Industria téxtil	290	346	56	19,3%
18	Industria da confección e da peletería	760	924	164	21,6%
19	Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	21	20	-1	-4,8%
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.387	455	-932	-67,2%
21	Industria do papel	152	125	-27	-17,8%
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1.245	1.216	-29	-2,3%
24	Industria química	450	322	-128	-28,4%
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	346	263	-83	-24,0%
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	450	435	-15	-3,3%
27	Metalurxia	1.077	128	-949	-88,1%
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	1.776	2.509	733	41,3%
29	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	1.018	974	-44	-4,3%
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	37	15	-22	-59,5%
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	722	435	-287	-39,8%
32	Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	20	25	5	25,0%
33	Fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	106	154	48	45,3%
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	11.600	15.345	3.745	32,3%
35	Fabricación doutro material de transporte	3.147	3.750	603	19,2%
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	386	335	-51	-13,2%
37	Reciclaxe	96	176	80	83,3%

³ Elimináronse os datos inferiores a 3 por segredo estatístico



Concello de Vigo
 Promoción Económica, Emprego
 e Participación Cidadá

CNAE	ACTIVIDADE	2004	2007	2007 - 2004	% 2007 / 2004
40	Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas vapor e auga quente	267	255	-12	-4,5%
41	Captación, depuración e distribución de auga	174	187	13	7,5%
45	Construción	9.404	10.752	1.348	14,3%
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	3.254	3.500	246	7,6%
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	8.789	9.177	388	4,4%
52	Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	15.134	16.725	1.591	10,5%
55	Hostalaría	6.647	7.433	786	11,8%
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	4.394	4.575	181	4,1%
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	358	422	64	17,9%
62	Transporte aéreo e espacial	92	22	-70	-76,1%
63	Actividades anexas ós transportes: actividades de axencias de viaxes	2.407	2.959	552	22,9%
64	Correos e telecomunicacións	1.034	1.646	612	59,2%
65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	3.199	3.419	220	6,9%
66	Seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	953	604	-349	-36,6%
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira	623	755	132	21,2%
70	Actividades inmobiliarias	1.325	1.398	73	5,5%
71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	415	431	16	3,9%
72	Actividades informáticas	892	1.405	513	57,5%
73	Investigación e desenvolvemento	569	650	81	14,2%
74	Outras actividades empresariais	15.216	19.989	4.773	31,4%
75	Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	5.576	5.003	-573	-10,3%
80	Educación	5.295	6.059	764	14,4%
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	10.673	13.388	2.715	25,4%
90	Actividades de saneamento público	259	472	213	82,2%
91	Actividades asociativas	1.284	1.391	107	8,3%
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas	1.822	2.264	442	24,3%
93	Actividades diversas de servizos persoais	2.189	2.545	356	16,3%
95	Fogares que empregan persoal doméstico	2.295	2.866	571	24,9%
99	Organismos extraterritoriais	10	13	3	30,0%
TOTAL		134.559	152.895	18.336	13,6%



Concello de Vigo
 Promoción Económica, Emprego
 e Participación Cidadá

AFILIADOS NO RÉXIME DE AUTONOMOS EN VIGO

CNAE	ACTIVIDADE	2004	2007	2007 - 2004	% 2007 / 2004
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	41	65	24	58,5%
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas	20	25	5	25,0%
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	123	145	22	17,9%
17	Industria téxtil	36	60	24	66,7%
18	Industria da confección e da peletería	111	106	-5	-4,5%
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	119	115	-4	-3,4%
21	Industria do papel	11	10	-1	-9,1%
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	174	183	9	5,2%
24	Industria química	15	15	0	0,0%
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	26	30	4	15,4%
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	65	57	-8	-12,3%
27	Metalurxia	14	11	-3	-21,4%
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	182	220	38	20,9%
29	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	54	67	13	24,1%
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	6	12	6	100,0%
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	69	67	-2	-2,9%
33	Fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	41	44	3	7,3%
35	Fabricación doutro material de transporte	72	75	3	4,2%
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	101	108	7	6,9%
45	Construción	1.750	2.061	311	17,8%
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	507	574	67	13,2%
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.943	2.102	159	8,2%
52	Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	3.911	4.135	224	5,7%
55	Hostalaría	2.022	2.197	175	8,7%
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	1.283	1.361	78	6,1%
63	Actividades anexas ós transportes: actividades de axencias de viaxes	91	125	34	37,4%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

CNAE	ACTIVIDADE	2004	2007	2007 - 2004	% 2007 / 2004
64	Correos e telecomunicacións	33	47	14	42,4%
66	Seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	70	69	-1	-1,4%
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira	318	353	35	11,0%
70	Actividades inmobiliarias	386	474	88	22,8%
71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	50	53	3	6,0%
72	Actividades informáticas	162	177	15	9,3%
73	Investigación e desenvolvemento	23	54	31	134,8%
74	Outras actividades empresariais	1.536	1.969	433	28,2%
80	Educación	407	460	53	13,0%
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	503	629	126	25,0%
91	Actividades asociativas	131	110	-21	-16,0%
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas	278	347	69	24,8%
93	Actividades diversas de servizos persoais	659	767	108	16,4%
TOTAL		17.479	19.589	2.110	12,1%

CONTRATACIÓN INDEFINIDA EN VIGO POR CNAE

CNAE	ACTIVIDADE	2004	2007	2007 - 2004	% 2007 / 2004
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	17	33	16	94,1%
02	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	*	*	*	133,3%
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas	1.537	774	-763	-49,6%
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	31	48	17	54,8%
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	125	224	99	79,2%
17	Industria téxtil	20	35	15	75,0%
18	Industria da confección e da peletería	125	121	-4	-3,2%
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	58	76	18	31,0%
21	Industria do papel	9	4	-5	-55,6%
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	91	105	14	15,4%
24	Industria química	27	26	-1	-3,7%
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	45	41	-4	-8,9%
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	64	76	12	18,8%
27	Metalurxia	29	22	-7	-24,1%
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	150	362	212	141,3%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

CNAE	ACTIVIDADE	2004	2007	2007 - 2004	% 2007 / 2004
29	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	86	114	28	32,6%
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	42	60	18	42,9%
33	Fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	4	16	12	300,0%
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	542	726	184	33,9%
35	Fabricación doutro material de transporte	135	571	436	323,0%
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	32	33	1	3,1%
37	Reciclaxe	*	*	*	-33,3%
40	Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas vapor e auga quente	5	10	5	100,0%
41	Captación, depuración e distribución de auga		22	22	----
45	Construción	781	1.566	785	100,5%
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	355	423	68	19,2%
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	976	1.174	198	20,3%
52	Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	1.419	1.888	469	33,1%
55	Hostalaría	1.106	1.863	757	68,4%
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	553	670	117	21,2%
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	10	22	12	120,0%
62	Transporte aéreo e espacial	5	5	0	0,0%
63	Actividades anexas ós transportes: actividades de axencias de viaxes	679	749	70	10,3%
64	Correos e telecomunicacións	86	230	144	167,4%
65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	124	435	311	250,8%
66	Seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	39	46	7	17,9%
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira	40	83	43	107,5%
70	Actividades inmobiliarias	165	219	54	32,7%
71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	44	44	0	0,0%
72	Actividades informáticas	109	252	143	131,2%
73	Investigación e desenvolvemento	3	25	22	733,3%
74	Outras actividades empresariais	973	1.959	986	101,3%
75	Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	11	40	29	263,6%
80	Educación	265	425	160	60,4%
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	321	550	229	71,3%
90	Actividades de saneamento público	41	46	5	12,2%
91	Actividades asociativas	90	136	46	51,1%
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas	172	233	61	35,5%
93	Actividades diversas de servizos persoais	233	418	185	79,4%
95	Fogares que empregan persoal doméstico	*	*	*	66,7%
99	Organismos extraterritoriais		5	5	----
TOTAL		11.788	17.026	5.238	44,4%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

PARADOS DE MENOS DE 30 ANOS POR TITULACIÓN

TITULACIÓN	MENOS 6 MESES	6 MESES < TEMPO <=12	12 MES.< TEMPO <=24	TEMPO > 24 MESES	TOTAL
Téc. En Administración	47	8	6	17	78
Téc. En Sanidade	46	10	7	13	76
Mestre	37	7	3	17	64
Téc. En Electricidade e Electrónica	37	4	3	13	57
Téc. Sup. En Administración	34	7	4	10	55
Téc. Sup. En Sanidade	30	6	3	11	50
Bioloxía	18	6	7	10	41
Téc. Sup. En Informática	25	5	2	8	40
Dereito	21	4	4	6	35
Téc. Sup. En Electricidade e Electrónica	21	1	0	8	30
Química	13	4	2	5	24
Téc. Sup. Servizos Socioculturais Com	14	4	2	3	23
Enfermería	15	1	1	5	22
Téc. En Fabricación Mecánica	12	1	1	6	20
Téc. Manten. Vehículos Autopropulsados	12	2	0	5	19
Téc. En Imaxe Persoal	11	2	1	4	18
Psicoloxía	9	1	3	5	18
Economía	10	2	2	4	18
Relacións Laborais	9	2	1	6	18
Filoloxía Linguas e Dialectos Españois	11	2	1	4	18
Téc. En Artes Gráficas	12	1	1	3	17
Téc. Serviz. Socioculturais, Comunidade	8	3	2	4	17
Téc. Sup. En Hostalería e Turismo	9	2	1	4	16
Téc. En Comercio e Marketing	11	1	1	2	15
Administración e Dirección De Empresas	9	1	1	4	15
Téc. Sup. En Química	8	2	0	4	14
Ciencias Do Mar	7	2	2	2	13
Turismo	8	2	0	3	13
Téc. Sup. Comunicación, Imaxe e Son	6	2	1	3	12
Traballo Social	8	1	1	2	12
Enxeñeiro Téc. Industrial	7	1	1	3	12
Téc. En Hostalería e Turismo	5	2	1	3	11
Publicidade e Relacións Públicas	8	1	0	2	11
Téc. Sup. En Imaxe Persoal	6	2	1	1	10
Téc. Sup. En Comercio e Márketing	6	1	0	2	9
Téc. Sup. En Fabricación Mecánica	6	1	0	2	9
Ciencias Empresariais	5	2	0	2	9
Téc. En Edificación e Obra Civil	6	0	0	2	8



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

TITULACIÓN	MENOS 6 MESES	6 MESES < TEMPO <=12	12 MES.< TEMPO <=24	TEMPO > 24 MESES	TOTAL
Educación Social	5	2	0	1	8
Filoloxía e Linguas Extranxeiras	6	0	0	2	8
Téc. En Téxtil, Confección e pel	3	1	1	2	7
Enxeñeiro Industrial	5	0	0	2	7
Enxeñeiro Téc. Forestal	5	1	0	1	7
Historia	2	2	2	1	7
Téc. Sup. En Edificación e Obra Civil	5	0	0	1	6
Pedagogía	4	1	0	1	6
Psicopedagogía	3	1	0	2	6
Enxeñeiro Téc. Agrícola	3	1	1	1	6
Belas Artes	4	1	0	1	6
Tradución E Interpretación (L)	3	1	1	1	6
Téc. En Química	3	0	1	1	5
Fisioterapia	3	0	0	2	5
Xornalismo	3	1	0	1	5
Historia Da Arte	3	1	0	1	5
Téc. En Madeira e Moble	2	1	0	1	4
Téc. Sup. Actividades Físicas Deportiva	3	0	0	1	4
Téc. Sup. En Deseño Gráfico	3	0	0	1	4
Veterinaria	3	0	0	1	4
Comunicación Audiovisual	2	1	0	1	4
Ciencias Actividade Física e Do Deporte	3	0	0	1	4
Enxeñeiro Téc. Informática De xestión	3	1	0	0	4
Enxeñeiro De Telecomunicación	2	0	1	1	4
TOTAL	671	127	76	244	1.118



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

PARADOS DE MENOS DE 30 ANOS POR OCUPACIÓN SOLICITADA

CNO	OCUPACIÓN	HOMES	MULLERES	AMBOS
003	Escala básica	0,1%	0,0%	0,1%
111	Dirección xeral e presidencia executiva	0,0%	0,0%	0,0%
112	Dirección de departamento de produción	0,1%	0,1%	0,1%
113	Dirección de áreas e departamentos especializados	0,1%	0,1%	0,1%
121	Xerencia de empresas de comercio por xunto con menos de 10 a salariables	0,0%	0,0%	0,0%
122	Xerencia de empresas de comercio polo miúdo con menos de 10 asalariados	0,0%	0,0%	0,0%
131	Xerencia de empresas de hospedaxe con menos de 10 asalariados	0,0%	0,0%	0,0%
132	Xerencia de empresas de restauración con menos de 10 asalariados	0,0%	0,0%	0,0%
140	Xerencia doutras empresas con menos de 10 asalariados	0,0%	0,0%	0,0%
321	Técnicos en educación infantil e educación especial	0,0%	0,2%	0,1%
322	Instrutores de voo, navegación e conducción de vehículos	0,0%	0,0%	0,0%
331	Profesionais de apoio en operacións financeiras e algunhas operacións comerciais	1,3%	0,6%	0,8%
332	Representantes de comercio e técnicos de venda	4,1%	1,2%	2,2%
341	Profesionais de apoio da xestión administrativa, con tarefas administrativas xerais	0,5%	1,6%	1,3%
342	Profesionais de carácter administrativo de aduanas, de tributos e asimilados que traballan en tarefas propias das administracións públicas	0,0%	0,0%	0,0%
351	Consignatarios e axentes na contratación de man de obra	0,0%	0,0%	0,0%
352	Técnicos especialistas das forzas de seguridade e detectives privados	0,0%	0,0%	0,0%
353	Profesionais de apoio de promoción social	0,3%	0,7%	0,6%
354	Profesionais do mundo artístico, do espectáculo e dos deportes	1,1%	0,6%	0,8%
	TOTAL GRUPO 3	13,3%	7,9%	9,8%
401	Auxiliares contables e financeiros	0,7%	1,0%	0,9%
402	Empregados de rexistro de materiais, de servizos de apoio á produción e ó transporte	1,0%	0,4%	0,6%
410	Empregados de bibliotecas, servizos de correos e asimilados	0,4%	0,4%	0,4%
421	Taquígrafos e mecanógrafos	2,7%	5,8%	4,8%
422	Gravadores de datos	0,2%	0,3%	0,3%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

CNO	OCUPACIÓN	HOMES	MULLERES	AMBOS
430	Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados anteriormente	0,0%	0,0%	0,0%
440	Auxiliares administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados anteriormente	0,0%	0,0%	0,0%
451	Empregados de información e recepcionistas en oficinas	0,3%	2,4%	1,7%
452	Empregados de axencias de viaxes, recepcionistas en establecementos distintos de oficinas e telefonistas	0,9%	3,1%	2,3%
460	Caixeiros, despachadores de billetes e outros empregados asimilados en trato directo co público	0,7%	3,9%	2,8%
	TOTAL GRUPO 4	7,0%	17,3%	13,8%
501	Cociñeiros e outros preparadores de comidas	0,8%	1,8%	1,5%
502	Camareiros, barmáns e asimilados	2,3%	2,3%	2,3%
503	Xefes de cociñeiros, de camareiros e asimilados	0,1%	0,0%	0,1%
511	Auxiliares de enfermería e asimilados	0,3%	4,9%	3,3%
512	Traballadores que se dedican ó coidado de persoas e asimilados (excepto auxiliares de enfermería)	0,4%	4,1%	2,8%
513	Peiteadores, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	0,1%	1,1%	0,8%
514	Traballadores que atenden a viaxeiros e asimilados	0,1%	0,4%	0,3%
515	Mordomos, ecónomos e asimilados	0,0%	0,1%	0,1%
519	Outros traballadores de servizos persoais	0,2%	0,3%	0,3%
522	Policías	0,0%	0,0%	0,0%
523	Bombeiros	0,2%	0,0%	0,1%
524	Funcionario de prisións	0,0%	0,0%	0,0%
525	Gardas xurados e persoal de seguridade privado	0,4%	0,0%	0,2%
529	Outros traballadores dos servizos de protección e seguridade	0,3%	0,0%	0,1%
531	Modelos de moda, arte e publicidade	0,0%	0,0%	0,0%
532	Encargado de sección dentro dun comercio e asimilados	0,3%	0,3%	0,3%
533	Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	3,3%	13,5%	10,0%
	TOTAL GRUPO 5	8,7%	29,0%	22,0%
602	Traballadores cualificados por conta allea en actividades agrícolas	1,6%	1,1%	1,3%
612	Traballadores cualificados por conta allea en actividades gandeiras	0,0%	0,0%	0,0%
623	Traballadores cualificados por conta allea en actividades agropecuarias	0,0%	0,0%	0,0%
624	Traballadores cualificados por conta allea en actividades forestais e asimilados	0,4%	0,1%	0,2%
632	Pescadores e traballadores cualificados por conta allea en actividades piscícolas	0,6%	0,1%	0,2%
	TOTAL GRUPO 6	2,6%	1,2%	1,7%
701	Encargados e xefes de equipo en obras estruturais da construción	0,3%	0,0%	0,1%
702	Xefes de taller e encargados de traballadores de acabado de edificios	0,0%	0,0%	0,0%
703	Encargados de pintores, empapeladores e asimilados	0,0%	0,0%	0,0%
711	Albaneis e cachoteiros	2,0%	0,0%	0,7%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

CNO	OCUPACIÓN	HOMES	MULLERES	AMBOS
712	Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e a similares	0,6%	0,0%	0,2%
713	Carpinteiros (excepto carpinteiros de estruturas metálicas)	2,4%	0,1%	0,9%
714	Outros traballadores das obras estruturais de construción	0,2%	0,0%	0,1%
721	Revocadores, escaiolistas e estucadores	0,3%	0,0%	0,1%
722	Fontaneiros e instaladores de tubos	1,7%	0,0%	0,6%
723	Electricista de construción e asimilados	1,7%	0,0%	0,6%
724	Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados	2,2%	0,0%	0,8%
725	Persoal de limpeza de fachadas de edificios e desenfeluxadores	0,0%	0,0%	0,0%
729	Outros traballadores de acabado de construción e asimilados	0,8%	0,1%	0,3%
731	Xefes de taller e encargados de moldeadores, soldadores montadores de estruturas metálicas e afíns	0,0%	0,0%	0,0%
732	Xefes de taller de vehículos de motor	0,0%	0,0%	0,0%
733	Xefes de taller de máquinas agrícolas e industriais e motores de avión	0,0%	0,0%	0,0%
734	Xefes de equipos de mecánicos e axustadores de equipos eléctricos e electrónicos	0,0%	0,0%	0,0%
741	Encargados e capataces da minería	0,0%	0,0%	0,0%
742	Mineiros, canteiros, pegadores e persoas que labran as pedras	0,2%	0,0%	0,1%
751	Moldeadores, soldadores, chapistas, montadores de estruturas metálicas e traballadores asimilados	3,9%	0,1%	1,4%
752	Ferreiros, elaboradores de ferramentas e asimilados	0,2%	0,0%	0,1%
761	Mecánicos e axustadores de maquinaria	2,3%	0,0%	0,8%
762	Mecánicos e axustadores de equipos eléctricos e electrónicos	2,0%	0,0%	0,7%
771	Mecánicos de precisión en metais e materiais similares	0,2%	0,0%	0,1%
772	Traballadores de artes gráficas e asimilados	0,3%	0,1%	0,2%
773	Ceramistas, vidreiros e asimilados	0,2%	0,3%	0,3%
774	Artesáns da madeira, de téxtiles, do coiro e materiais similares	0,0%	0,0%	0,0%
780	Traballadores da industria da alimentación, bebidas e tabaco	0,8%	1,9%	1,5%
791	Traballadores que tratan a madeira e asimilados	0,0%	0,0%	0,0%
792	Ebanistas e traballadores asimilados	0,2%	0,0%	0,1%
793	Traballadores da industria téxtil, a confección e asimilados	0,2%	2,0%	1,4%
794	Traballadores da industria da pel, do coiro e do calzado	0,0%	0,0%	0,0%
	TOTAL GRUPO 7	22,9%	5,0%	11,1%
801	Encargados en instalacións mineiras	0,0%	0,0%	0,0%
802	Encargados en instalacións de procesamento de metais	0,0%	0,0%	0,0%
804	Encargados de taller de madeira e xefes de equipo na fabricación de papel	0,0%	0,0%	0,0%
805	Xefes de equipo en instalacións de tratamento químico	0,0%	0,0%	0,0%
806	Xefes de equipo en instalacións de produción de enerxía e asimilados	0,0%	0,0%	0,0%
807	Xefes de equipo de operadores de robots industriais	0,0%	0,0%	0,0%
811	Operadores en instalacións da extracción e explotación de minerais	0,1%	0,0%	0,0%
812	Operadores en instalacións para a obtención e transformación de metais	0,0%	0,0%	0,0%



Concello de Vigo
Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

CNO	OCUPACIÓN	HOMES	MULLERES	AMBOS
813	Operadores en instalacións para a obtención, transformación e manipulado do vidro e a cerámica e asimilados	0,0%	0,0%	0,0%
814	Operadores en instalacións para o traballo da madeira e a fabricación de papel	0,0%	0,0%	0,0%
815	Operadores en plantas industriais químicas	0,0%	0,0%	0,0%
816	Operadores en plantas para produción de enerxía e similares	0,2%	0,0%	0,1%
817	Operadores de robots industriais	4,4%	2,6%	3,2%
821	Encargado de operadores de máquinas para traballar metais	0,0%	0,0%	0,0%
822	Encargado de operadores de máquinas para fabricar produtos químicos	0,0%	0,0%	0,0%
823	Encargado de operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho e de material plástico	0,0%	0,0%	0,0%
824	Encargado de operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira	0,0%	0,0%	0,0%
825	Xefes de taller de imprenta, encadernación e fabricación de produtos de papel	0,0%	0,0%	0,0%
826	Encargado de operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles e artigos de pel e coiro	0,0%	0,0%	0,0%
827	Encargado de operadores de máquinas para elaborar produtos alimenticios, bebidas e tabaco	0,0%	0,0%	0,0%
828	Encargado de montadores	0,0%	0,0%	0,0%
831	Operadores de máquinas para traballar metais e outros produtos minerais	0,6%	0,0%	0,2%
832	Operadores de máquinas para fabricar produtos químicos	0,1%	0,0%	0,1%
833	Operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho e plástico	0,2%	0,1%	0,1%
834	Operadores de máquinas para fabricar produtos de madeira	0,0%	0,0%	0,0%
835	Operadores de máquinas para imprimir, encadernar e para fabricar produtos de papel e cartón	0,1%	0,1%	0,1%
836	Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles artigos de pel e de coiro	0,1%	2,4%	1,6%
837	Operadores de máquinas para elaborar produtos alimenticios, bebidas e tabaco	0,2%	1,0%	0,7%
841	Montadores e ensambladores	1,3%	0,2%	0,6%
849	Outros montadores e ensambladores	0,0%	0,1%	0,0%
851	Maquinistas de locomotoras e asimilados	0,0%	0,0%	0,0%
852	Encargado de operadores de maquinaria de movemento de terras e de materiais	0,0%	0,0%	0,0%
853	Operadores de maquinaria agrícola móbil	0,0%	0,0%	0,0%
854	Operadores doutras máquinas móbiles	1,6%	0,1%	0,6%
855	Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	0,2%	0,0%	0,1%
861	Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas	3,1%	0,3%	1,3%
862	Condutores de autobuses	0,4%	0,1%	0,2%
863	Condutores de camións	1,3%	0,0%	0,5%
864	Condutores de motocicletas e ciclomotores	0,3%	0,0%	0,1%
	TOTAL GRUPO 8	9,6%	4,5%	6,2%
900	Vendedores ambulantes e asimilados	0,1%	0,4%	0,3%
911	Empregados do fogar	0,0%	0,9%	0,6%



Concello de Vigo
 Promoción Económica, Emprego
 e Participación Cidadá

CNO	OCUPACIÓN	HOMES	MULLERES	AMBOS
912	Persoal de limpeza de oficinas, hotéis e outros traballadores asimilados	2,4%	14,6%	10,4%
921	Conserxes de edificios, limpacristais e asimilados	0,6%	0,2%	0,4%
922	Vixilantes, gardiáns e asimilados	1,6%	0,1%	0,6%
931	Limpabotas e outros traballadores de oficios na rúa	0,3%	0,1%	0,2%
932	Ordenanzas	0,7%	0,5%	0,6%
933	Mozos de equipaxe e asimilados	0,0%	0,0%	0,0%
934	Lectores de contadores (auga...) e recolectores de cartos de máquinas expendedoras	0,0%	0,0%	0,0%
935	Recolledores de lixo e obreiros asimilados	0,9%	0,5%	0,7%
941	Peóns agrícolas	1,3%	1,0%	1,1%
942	Peóns gandeiros	0,0%	0,0%	0,0%
943	Peóns agropecuarios	0,0%	0,0%	0,0%
944	Peóns forestais	0,3%	0,1%	0,2%
945	Peóns da pesca	0,0%	0,0%	0,0%
950	Peóns da minería	0,0%	0,0%	0,0%
960	Peóns da construción	4,6%	0,6%	2,0%
970	Peóns de industrias manufactureiras	7,0%	4,6%	5,4%
980	Peóns do transporte e descargadores	8,2%	3,3%	5,0%
	TOTAL GRUPO 9	28,3%	27,0%	27,4%
	TOTAL	100,0%	100,0%	100,0

ANEXO I

Programa Emprego-Calidade.

1.1.- Servizo xestor SOL.

Este servizo contéplase como un instrumento para informar, apoiar e asesorar nos procesos de busca de emprego das persoas desempregadas a través de accións individuais e grupais que contribúan a mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

Trátase de aportar un servizo integral no que se combinen políticas de emprego e inserción, pero tamén pensadas para dar resposta a aqueles que desexen mellorar o seu emprego, reconducindo a súa carreira profesional.

Consiste nunha serie de actuacións coas que se pretende dar servizo aos/ás usuarios/as do servizo, e que contemplen un amplo abano de perfís das persoas que busquen traballo, pero tamén conxugando coas necesidades das empresas, buscando a colaboración co tecido empresarial da cidade.

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL (SOL)	
OBXECTIVOS: Acompañar os procesos de busca de emprego das persoas na procura o mellora do seu posto de traballo. Dotar de ferramentas, información e apoio xeral ás persoas inmersas nestes procesos.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: O método básico e central deste servizo é a entrevista individual onde se define o obxectivo profesional do/a desempregado/a e se avalía a adecuación do seu perfil profesional á demanda real do mercado laboral, para deseñar, posteriormente, o itinerario de ocupabilidade máis apropiado para cada persoa, en paralelo á realización dunha permanente prospección de mercado. No SOL ofrecen información sobre diferentes técnicas que axudan ao solicitante de emprego a mellorar o seu perfil e conseguir emprego: Autoanálise: revisión do perfil profesional ante o emprego. Consta de 3 pasos: fixarse un obxectivo profesional, crear un inventario profesional da situación actual sobre os mercados, cousas a favor e en contra; obxectivos profesionais a curto prazo, etc. Formación: pode ser regulada (formal), ocupacional (non formal, coñecementos para cualificación concreta para o obxectivo profesional), continua (formación en empresas, sindicatos), OTRAS (organización, asociación, fundacións). Ofertas de emprego: emprego público e privado. Como optar ás ofertas. O meu currículo: modelos para confeccionalo. Adaptalo aos requisitos do mercado. Cartas de presentación e autocandidatura (modelos de cartas). Entrevista selección: consellos para realizar a entrevista.	
DESTINATARIOS/AS	Desempregados/as de Vigo en proceso de busca de emprego, co límite propio da capacidade de atención do servizo.
FORMA DE ACCESO	O acceso ao servizo vén regulado mediante cita, achegándose ó centro, ou ben chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178, ou comunicándose vía e-mail: ofi.emplo@vigo.org. Web: http://emplo.vigo.org Tamén se poden converter en usuarios/as as persoas que participen doutros programas de formación, inserción e/ou emprego dentro do Plan municipal de emprego.
EQUIPO (<i>Persoal mínimo imprescindible</i>)	1 coordinador/a-responsable, 4 orientadores/as laborais e 2 técnicos/as de inserción.
ACTUACIÓNS	Difusión dos servizos para a mellora e procura do emprego. Centro de recursos de orientación e información para o emprego. Programas de formación para o emprego. Programas experienciais. Programas de apoio á inserción sociolaboral. Outros programas relativos ao emprego con participación cidadá. Contidos on-line para a procura de emprego.
NORMATIVA APLICABLE	Ordes anuais da Consellaría de Traballo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.
PREVISIÓN ANUAL	● Difusión dos servizos do SOL (<i>Véxase punto</i>). Axudámosche a buscar traballo: Entre 500 e 750 beneficiarios/as (<i>Véxase punto</i>) Cursos de formación ocupacional: (<i>Véxase punto</i>). Axudas municipais á contratación: (<i>Véxase punto</i>). Formación en empresas con compromiso de contratación: (<i>Véxase punto</i>) Accións de acompañamento á inserción: (<i>Véxase punto</i>)
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia (Servizo Galego de Colocación). Fondo Social Europeo (FSE).

1.1.1. Difusión dos servizos do SOL.

O Concello de Vigo estimulará a participación dos/as cidadáns/as neste servizo, dando a coñecer en que consiste o servizo do SOL e indicar porque debe ser un referente para todos/as aqueles/as que desexen procurar un emprego na cidade.

As actuacións centraranse sobre todo nos colectivos con especiais dificultades para encontrar un emprego, tales como as mulleres, a mocidade sen cualificación, os maiores de 45 anos, os/as desempregados/as de longa duración, etc.

Sen embargo, o Concello pretende fuxir o máximo posible das medidas de difusión a través de publicidade en formato papel, potenciando as actividades de difusión que teñen como base as novas tecnoloxías.

DIFUSIÓN DOS SERVIZOS DO SOL	
OBXECTIVOS: Dar a coñecer entre a poboación viguesa os servizos que se facilitan no SOL, co fin de aumentar o número de usuarios/as que se acerquen a pedir asesoramento ou información para obter un traballo estable e de calidade.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Levaranse a cabo varias actividades de difusión, pero o punto central serán uns paneis horizontais en forma de tríptico nos que se reflecta información escrita e que tamén contan con dúas pantallas táctiles, unha delas dedicada a aportar información do SOL, outra do SAE (<i>véxase no primeiro apartado</i>) e outra pantalla non táctil dedicada a aportar as novidades do día respecto a temas de emprego (boletíns). A característica das pantallas táctiles permite unha interacción entre o demandante de información e as novas tecnoloxías, co que así se inclúen as novas tecnoloxías da información na difusión das actuacións do Concello. Ditos paneis serán instalados nos centros cívicos, nas asociacións de veciños e nas bibliotecas municipais.	
DESTINATARIOS/AS	A poboación viguesa.
FORMA DE ACCESO	Convenio entre o Concello e as Asociacións de Veciños, os Centros Cívicos e os diferentes contornos municipais.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Información e Orientación Sociolaboral (SOL).
PREVISIÓN ANUAL	8 paneis, dependendo do orzamento destinado para tal fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

1.2. Centro de recursos SOL.

O Centro de Recursos é un espazo especializado en atender a persoas que necesitan obter información, formación, orientación e asesoramento en materia de emprego.

Os/as usuarios/as teñen á súa disposición diferentes actuacións con distintas metodoloxías (presenciais e virtuais) para traballar e optimizar o proceso de procura de traballo segundo os seus coñecementos, necesidades, etc., dende a entrevista personalizada a asesoramento experto ou acceder a contidos e aplicacións do portal Web, etc.

Neste espazo os/as usuarios/as poden dispoñer de diversos recursos para a procura de traballo: publicacións, equipamentos informáticos, etc.

Tamén se realizarán unhas sesións sobre orientación sociolaboral, procura de traballo, etc.

1.2.1. Axudámosche a buscar traballo.

Consiste en dar a coñecer ás persoas que queren buscar un emprego a gama de servizos que o Concello de Vigo pon á súa disposición. Tamén se resolven as dúbidas máis comúns que teñen os/as usuarios/as, oriéntaselles sobre como buscar un emprego, fáiselles o seu itinerario formativo personalizado, etc.

AXUDÁMOSCHE A BUSCAR EMPREGO	
OBXECTIVOS: Axudar ós/as desempregados/as que se acercan ao SOL, resolvendo as súas dúbidas máis comúns a través do asesoramento experto dos/as técnicos/as.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase do servizo de asesoramento personalizado en sesións presenciais ofrecidas polo equipo técnico do SOL, pero tamén en por nas mans dos/as demandantes de emprego dos recursos para a procura autónoma dun traballo: equipos informáticos, publicacións, acceso a información on-line, etc.	
DESTINATARIOS/AS	Poboación desempregada do Concello de Vigo.
FORMA DE ACCESO	Previa cita, achegándose ó centro, o ben chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178, o comunicándose vía e-mail: ofi.emplo@vigo.org . Web: http://emplo.vigo.org
EQUIPO	Equipo do Servizo de Información e Orientación Sociolaboral (SOL).
PREVISIÓN ANUAL	Entre 500 desempregados/as que recibirán asesoramento e información cada ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. FSE.

1.2.2. Accións de acompañamento.

Deséñanse estas accións de acompañamento coa finalidade de incrementar as posibilidades de atopar emprego e manterse no mercado laboral das persoas desempregadas participantes no PME, reforzando e complementando aspectos da procura de emprego tratados na entrevista de orientación laboral.

Un espazo físico equipado, información estruturada e permanentemente actualizada e unha titorización dirixida serán os recursos que o Concello de Vigo porá a disposición dos/as participantes.

ACCIÓNS DE ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN	
OBXECTIVOS: Desenvolver actitudes, habilidades e potencialidades que contribúan á eficacia dos proxectos persoais e profesionais; motivar na busca individual de emprego; potenciar a autonomía persoal; propiciar o traballo en grupo, as relacións persoais e a colaboración; crear hábitos para a autoinformación; evitar gastos económicos do/a usuario/a no acceso á información; familiarizar o/a usuario/a no uso das tecnoloxías da información para a busca de emprego.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: O itinerario para o acompañamento á inserción divídese en tres tipos diferentes de accións: <ol style="list-style-type: none">1) <u>Cursos de competencias persoais para o emprego.</u> Intervención práctica no ámbito das habilidades persoais e sociais mediante o achegamento á realidade profesional e persoal das persoas participantes, relacionándoa coa súa utilidade no mercado laboral actual e co seu desenvolvemento profesional. Tratarase de que os cursos sexan intensivos (de medio día de duración) nos que expertos/as en diferentes materias ofrecerán formación e información de utilidade aos/ás desempregados/as sobre determinados aspectos importantes para eles e con títulos e temáticas sinxelos (como facer un curriculum, orientación laboral, como xestionar a túa axenda para buscar un emprego, etc.). Contemplarase a posibilidade de incorporar as novas tecnoloxías a algún destes cursos.2) <u>Obradoiros de busca de emprego.</u> Obradoiros onde as persoas participantes adquiren ou amplían o seu coñecemento das ferramentas básicas empregadas na súa busca activa de emprego, conxuntamente cunha análise previa dos seus obxectivos e do contorno, no marco dun plan de actuación individual de busca.3) <u>Grupos de busca de emprego.</u> Eses grupos sitúanse, normalmente, a continuación dos obradoiros anteriores. Neles exemplifícase un proceso de busca de emprego, tendo en conta os aspectos, criterios e técnicas traballadas previamente e facilitando o achegamento aos medios necesarios para o seu desenvolvemento. Paralelamente o equipo do Servizo de Orientación Laboral xestiona unha bolsa de emprego para procurar o achegamento entre o colectivo de desempregados/as beneficiarios/as do PME e as empresas.	
DESTINATARIOS/AS	Desempregados/as que, tendo incrementado o seu "nivel de ocupabilidade" mediante a súa participación nalgún dos programas do Plan municipal de emprego (ou en programas semellantes doutras entidades), descoñezan como enfrontarse ao mundo laboral e teñan vontade de ter unha disposición activa no seu proceso de integración laboral.
FORMA DE ACCESO	Selección de participantes polo equipo do Servizo de Orientación Laboral.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Orientación Laboral.
PREVISIÓN ANUAL	100 persoas beneficiarias cada ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. Fondo Social Europeo (FSE).

1.3.- Axudas municipais á contratación.

Son axudas económicas para aquelas empresas ou entidades distintas da Administración Pública que fagan contratos a persoas desempregadas que participan ou participaron en algunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica e que pertencen ó colectivo de mulleres, persoas con discapacidade, ou que o seu posto de traballo estea emprazado no Casco Vello de Vigo. Fomentarase a inserción laboral de mulleres en profesións non tradicionalmente femininas. Paralelamente tamén complementan ás axudas existentes noutras administracións públicas para o fomento da inserción laboral.

AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN	
OBXECTIVOS: Fomentar a contratación de persoas desempregadas que participen nalgunha das actuacións da concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, especialmente naqueles sectores onde estean sobrerrepresentadas. Impulsando a integración no mundo laboral dos/as desempregados/as.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: As empresas e entidades distintas da Administración Pública que contraten, de forma temporal, a tempo parcial ou completo, a persoas desempregadas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e pertencen ao colectivo de mulleres, persoas con discapacidade, ou que o posto de traballo estea emprazado na zona de delimitación da área P.E.P.R.I. do Casco Vello de Vigo; recibirán unha axuda económica, nunha contía que dependerá de: <ul style="list-style-type: none">• Características e número de beneficiarios/as.• Duración e tipo de contrato.• Disponibilidade orzamentaria.• Compatibilidade con outras axudas que se puidesen ter solicitado co mesmo fin. Unha comisión de valoración avalía cada solicitude de subvención presentada e proponlle á Xunta de Goberno local a súa concesión, se é o caso. Para solicitar candidatos/as, de ser preciso por parte da empresa potencialmente beneficiaria, deberá utilizarse un modelo normalizado que se achegará nas bases de cada convocatoria ou na páxina web http://emprego.vigo.org .	
DESTINATARIOS/AS	Empresas e entidades privadas, independentemente da súa forma xurídica, sempre que o obxecto da súa solicitude sexa a contratación de persoas desempregadas da bolsa de emprego da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e que esta contratación supoña un aumento do cadro de persoal da empresa en termos netos.
FORMA DE ACCESO	Convocatoria anual.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Orientación Laboral.
PREVISIÓN ANUAL	Entre 30 axudas anuais concedidas, dependendo do orzamento destinado para este fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

1.4.- Formación en empresas con compromiso de contratación.

Trátase de cursos de formación ocupacional, eminentemente prácticos, conveniados con diferentes empresas e asociacións empresariais, deseñados a partir das súas necesidades e adaptados ás características dos/as beneficiarios/as do Plan municipal de emprego, con posibilidade de contratación.

A formación dos e das traballadores é na propia empresa, segundo as súas propias particularidades e demandas, coa intención de que a aprendizaxe se realice no ámbito produtivo.

FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN	
OBXECTIVOS: Formar, no propio ámbito produtivo, a traballadores/as desempregados/as en ocupacións demandadas no mercado laboral e adecuadas ás necesidades das empresas para facilitar a súa posterior inserción laboral.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: O deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, está adaptado tanto ás características dos/as beneficiarios/as do Plan como ás necesidades das empresas coas que se asina un convenio que recolle un compromiso de contratación, como mínimo, do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, participando este dunha aprendizaxe activa levada a cabo dentro do ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización interna da empresa.	
DESTINATARIOS/AS	Beneficiarios/as do <i>Plan municipal de emprego</i> con necesidades de formación.
FORMA DE ACCESO	Preselección de beneficiarios/as por parte do equipo do Servizo de Orientación Laboral e selección final da empresa coa que se asina o compromiso de contratación. O Plan municipal de emprego permitirá a realización destas actividades formativas, en número dependente da asignación orzamentaria que anualmente se establece para este concepto.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Orientación Laboral.
PREVISIÓN ANUAL	Realización de 3 cursos ó ano, dependendo dos orzamentos destinados para tal fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

ANEXO II

Programa Vigo-Emprende

2.1. Servizo xestor do programa.

O servizo de Asesoramento e promoción dos/das emprendedores/as (SAE) é un servizo individualizado, público e gratuito, que ten como misión a difusión da imaxe emprendedora, así como o acompañamento, información e asesoramento para todas aquelas persoas que decidan pór en marcha iniciativas empresariais ou queiran estudar as posibilidades que ofrece o autoemprego.

Dende o servizo acompañaase ás persoas emprendedoras mediante unha metodoloxía mixta de acompañamento presencial e virtual, complementada cunha ampla oferta de actividades formativas. É dicir, combínase a atención personalizada de calidade co fomento da autonomía dos/as usuarios/as a través de espazos físicos e virtuais de autoconsulta. O centro está dotado de equipamento informático e conexión a Internet, para que os/as emprendedores/as poidan utilízalos. Dende o servizo incentívarase a creación de empresas de economía social, as empresas creadas no réxime de autónomos e tamén as empresas patroneadas por mulleres.

SERVIZO DE ASESORAMENTO E PROMOCIÓN DOS/DAS EMPRENDEDORES/AS (SAE)	
OBXECTIVOS: Fomentar a creación de empresas, impulsar o autoemprego como saída laboral, promover o espírito empresarial na poboación e apoiar a consolidación de pequenas empresas na área.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Nas consultas do SAE, determinadas previa cita, trátase de lles facilitar aos/ás emprendedores/as a información e o asesoramento preciso, seguindo unha metodoloxía propia que se pode concretar en 3 fases: <ul style="list-style-type: none">▪ Análise da idea inicial e información.▪ Apoio na elaboración do proxecto empresarial.▪ Axuda na tramitación e constitución da empresa. Daráselles un trato especial aos traballos de asesoramento para a constitución de empresas cando as consultas proveñan de beneficiarios/as doutros programas de emprego municipais.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178, ou comunicándose vía e-mail: ofi.emplo@vigo.org . Web: http://emplo.vigo.org
EQUIPO <i>(Persoal mínimo imprescindible)</i>	1 coordinador/a-responsable, 5 técnicos/as de autoemprego, 1 técnico de financiamento.
ACTUACIÓNS	Difusión da iniciativa emprendedora. Centro de recursos para emprendedores/as. Procura de fontes de financiamento. Contidos on-line para emprendedores/as.
NORMATIVA APLICABLE	Ordes polas que se establecen anualmente as bases reguladoras das axudas e subvencións para a contratación de técnicos locais de emprego no ámbito da colaboración da Consellería de Traballo coas entidades locais e procédese á súa convocatoria.
PREVISIÓN ANUAL	Difusión da iniciativa emprendedora <i>(Véxase punto)</i> . Asesoramento a emprendedores/as: 450-600 beneficiarios/as. Axudas municipais á creación de empresas: <i>(Véxase punto)</i> Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM): <i>(Véxase punto)</i> Fondo municipal de emprendedores: <i>(Véxase punto)</i>
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. Fondo Social Europeo (FSE).

2.1.1. Difusión da imaxe emprendedora.

Unha das actuacións que fará o Concello de Vigo será estimular á poboación á iniciativa emprendedora, xa que así as persoas emprendedoras poden ter maiores oportunidades de mellora profesional e persoal. Centrando o esforzo en divulgar as vantaxes de crear empresas cooperativas, especialmente cando os promotores sexan persoas en risco de exclusión social.

Pero o Concello é consciente que para contar con usuarios/as no centro debe dar a coñecer en que consiste o servizo do SAL e indicar porque debe ser un referente para todos/as aqueles/as que desexen crear a súa empresa.

As actuacións centraranse sobre todo nos/as alumnos/as procedentes de ensinanza secundaria, universidades e escolas de negocios, xa que son os/as mozos os que teñen maior espírito empresarial, aínda que tamén se aproveitarán os coñecementos que teñan outros colectivos

Nestas accións de estímulo é fundamental estimular a iniciativa emprendedora dos/as mozos, xa que son eles o que están máis animados a crear unha empresa e, por outro lado, son os que sofren os maiores índices de inestabilidade laboral. Polo tanto, o emprendedurismo convértese nunha oportunidade para xerar o seu propio emprego e conseguir unha estabilidade que lle permita ter unha independencia económica e un traballo de calidade. Sen embargo, aínda existen dificultades e trabas sociais, culturais e políticas que fan pensar que o único emprego que poden conseguir os/as mozos é o emprego dependente.

DIFUSIÓN DA IMAXE EMPRENDEDORA	
OBXECTIVOS: Dar a coñecer entre os/as mozos as bondades da imaxe emprendedora, mediante unha serie de seminarios de difusión entre alumnos/as de secundaria, universitarios e procedentes de escolas de negocios, nos que participarán novos emprendedores/as que mostrarán as súas experiencias. Tratarase tamén a temática do emprendedurismo cooperativo e autónomo.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase de pór en marcha unha serie de seminarios nos que participarán tanto os/as emprendedores, novos ou non. Para iso chegarase a unha serie de acordos cos centros formativos da cidade e impartiranse unha serie de seminarios nos que os/as emprendedores/as contarán as trabas coas que se encontraron cando crearon a súa empresa así como as axudas coas que poden contar.	
DESTINATARIOS/AS	Alumnos/as de secundaria, universitarios e de Escolas de negocios.
FORMA DE ACCESO	Convenio entre o Concello e o seu centro formativo.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) e novos empresarios/as.
PREVISIÓN ANUAL	3 seminarios ao ano, dependendo do orzamento destinado para tal fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

2.1.2. Difusión dos servizos SAE.

O Concello tamén é consciente que para ter usuarios/as debe dar a coñecer os servizos que se dan a través do SAE, polo que porá en marcha unha serie de actividades de difusión dos servizos que se proporcionan no SAE así como a maneira para poder acceder a eles. Sen embargo, o Concello pretende fuxir o máximo posible das medidas de difusión a través de publicidade en formato papel e potenciando as actividades de difusión que teñen como base as novas tecnoloxías e que estean de acordo co desenvolvemento sostible.

DIFUSIÓN DOS SERVIZOS DO SAE	
OBXECTIVOS: Dar a coñecer entre a poboación viguesa os servizos que se facilitan no SAE, co fin de aumentar o número de usuarios/as que se acerquen a pedir asesoramento ou información para crear unha empresa.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Levaranse a cabo varias actividades de difusión, pero o punto central serán uns paneis horizontais en forma de tríptico nos que se reflecta información escrita e que tamén contan con dúas pantallas táctiles, unha delas dedicada a aportar información do SAE, outra do SOL (<i>véxase máis adiante</i>) e outra pantalla non táctil dedicada a aportar as novidades do día respecto a temas de emprego (boletíns). A característica das pantallas táctiles permite unha interacción entre o demandante de información e as novas tecnoloxías, co que así se inclúen as novas tecnoloxías da información na difusión das actuacións do Concello. Ditos paneis serán instalados nos centros cívicos, nas asociacións de veciños e nas bibliotecas municipais.	
DESTINATARIOS/AS	A poboación viguesa.
FORMA DE ACCESO	Convenio entre o Concello e as Asociacións de Veciños, os Centros Cívicos e os diferentes contornos municipais.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE).
PREVISIÓN ANUAL	8 paneis, dependendo do orzamento destinado para tal fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

2.1.3 Difusión do cooperativismo.

Para o Concello de Vigo é fundamental estimular non só a iniciativa emprendedora en xeral senón tamén participar activamente das iniciativas postas en marcha pola Xunta de Galicia e difundir e incentivar o desenvolvemento das sociedades cooperativas, que son un tipo de empresas cunha fórmula empresarial moi interesante para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social.

É por iso polo que o Concello de Vigo fará unha especial difusión entre a poboación de este tipo de fórmula empresarial, co fin de dala a coñecer e animar á súa constitución.

DIFUSIÓN DO COPERATIVISMO	
OBXECTIVOS: Dar a coñecer entre a poboación viguesa, e máis concretamente entre os/as emprendedores/as, as bondades das sociedades cooperativas, mediante unha serie de actuacións, como folletos, seminarios, etc., nos que sempre que sexa posible participarán membros de asociacións cooperativas que indicarán as súas experiencias.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase de por en marcha unha serie de medidas de promoción do cooperativismo en Galicia na que participarán tanto os/as emprendedores como membros das asociacións cooperativas. Para iso, o Concello solicitará anualmente unha subvención á Xunta de Galicia (Consellería de Traballo) para o mencionado fin.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178, ou comunicándose vía e-mail: ofi.emplo@vigo.org . Web: http://emplo.vigo.org
EQUIPO	O que se considere oportuno dependendo das actividades de difusión e promoción que se soliciten á Consellería de Traballo.
PREVISIÓN ANUAL	3 seminarios ao ano e elaboración de folletos informativos, dependendo do orzamento destinado para tal fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

2.1.4 Premio "Emprende para gañar"

Dende o Concello tamén se pretende apoiar e recompensar á mellor iniciativa emprendedora na cidade, establecendo o premio anual "Emprende para gañar". Para iso, o Concello fixará unhas bases, nas que determinará as opcións para poder participar, o lugar de presentación, e tamén a contía do premio. Unha vez establecidas as bases para as públicas con tempo suficiente para que poidan optar a elas os/as emprendedores/as de Vigo.

PREMIO EMPRENDE PARA GAÑAR	
OBXECTIVOS: Apoiar e recompensar as iniciativas emprendedoras que sexan máis interesantes.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase de por en marcha un premio co que incentivar aos/ás emprendedores/as da cidade de Vigo, así como dar a coñecer os negocios innovadores que se establecen na nosa cidade que sexan dignos de difundir.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	Previa presentación de candidaturas.
EQUIPO	
PREVISIÓN ANUAL	1 premio ao ano
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

3. Centro de Recursos SAE

O Centro de Recursos é un espazo no que se pode transformar a idea de negocio nun proxecto empresarial viable a través dun programa de actividades diario, acceso a contidos on-line e asesoramento experto.

Neste capítulo desenvólvense aqueles programas xerados ao abeiro do Servizo de Asesoramento a Emprendedores e da súa actividade centrada no Fomento do Autoemprego, deseñados de xeito complementario a aqueloutros postos en marcha por outras administracións e entidades, coa finalidade de que Vigo se converta nun espazo dinámico onde sexa posible emprender, crear e crecer dentro do tecido empresarial da cidade

3.1 Axudámosche a Emprender.

Consiste en dar a coñecer ás persoas que queren transformar a súa idea de negocio nunha empresa real a gama de servizos que o Concello de Vigo pon á súa disposición. Tamén se resolven as dúbidas máis comúns que teñen os emprendedores, como son as formas xurídicas que poden elixir, os trámites que teñen que facer o onde e como acadar fontes financeiras.

AXUDÁMOSCHE A EMPRENDER	
OBXECTIVOS: Axudar os/as emprendedores que se acercan ao SAE, resolvendo as súas dúbidas máis comúns a través do asesoramento experto dos/as técnicos/as.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase do servizo de asesoramento personalizado en sesións presenciais ofrecidas polo equipo técnico do SAE, co obxectivo de optimizar o tempo investido en estudar, analizar e implementar a creación de cada un dos proxectos empresariais.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando aos teléfonos: 986 810232 / 986 810178, ou comunicándose vía e-mail: ofi.emprego@vigo.org . Web: http://emprego.vigo.org
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE).
PREVISIÓN ANUAL	600 beneficiarios/as que recibirán asesoramento.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. FSE

3.2 Formámosche para Emprender.

Consiste en achegar a formación específica ás persoas que queren iniciar un proxecto empresarial. Sábese que a maior parte da xente que quere establecer un negocio carece de formación en diferentes aspectos clave para poder por en marcha a súa empresa, polo que os seus negocios fracasan nos primeiros meses de vida.

FORMAMOSCHE PARA EMPRENDER	
OBXECTIVOS: Achegar a formación ós emprendedores en aspectos clave para empender mediante unha serie de sesións nas que se contemplan os aspectos clave que todo emprendedor debe coñecer. Trátase de que os emprendedores poidan profundizar en determinados aspectos.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase duns cursos intensivos (dun día de duración) nos que expertos/as en diferentes materias ofrecerán formación e información de utilidade ós emprendedores sobre determinados aspectos importantes para eles e con títulos e temáticas sinxelos (fiscalidade, marketing, formas xurídicas, etc.). Contemplanse a posibilidade de incorporar as novas tecnoloxías a algún destes cursos.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	A selección dos/as alumnos/as realizarase entre todos/as aqueles/as que sexan atendidos no SAE.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) e expertos/as na materia a tratar.
PREVISIÓN ANUAL	30 sesións específicas.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. FSE

3.2.1 Plataforma SAE

O servizo atópase de forma presencial pero tamén virtual, grazas á posta en marcha dunha potente plataforma na que se incorporarán constantemente contidos e aplicacións de utilidade para os/as emprendedores/as. Con iso preténdese que os usuarios/as poidan elaborar o seu plan de empresa, saber como facer os trámites, estar permanentemente informados, etc., sen restricións de tempo ou espazo.

A plataforma é polo tanto unha canle de difusión do proxecto e dos servizos que se ofrecen no SAE como un recurso innovador para aportar información e asesoramento ós/ás emprendedores/as.

Os contidos deberán abordar de forma independente as empresas de economía social e as empresas creadas por autónomos.

Preténdese que a plataforma sexa un recurso vivo, dinámico e en constante cambio, no que periodicamente se introduzan novos contidos e aplicacións, xa que de non ser así non tería maior interese para os/as usuarios/as. Tamén reflectirá información sobre as sesións informativas, cursos, etc., de interese.

PLATAFORMA SAE	
OBXECTIVOS: Achegar ós/ás emprendedores/as os servizos, a información e as ferramentas necesarias para que poidan emprender, sen que o tempo ou espazo sexan un inconveniente.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Será un portal no que se teñan a man todos os servizos do SAE así como os recursos e ferramentas que se consideren necesarios para que os/as emprendedores poidan iniciar o seu negocio. Tamén se fará un boletín de noticias semanal con información relevante para os/as emprendedores. Dita información subministrárase nos paneis informativos sites nos centros cívicos, asociacións e bibliotecas (xa que terán dúas pantallas táctiles e a outra pantalla será a informativa).	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	On-line.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, que se encargarán de actualizala.
PREVISIÓN ANUAL	Agárdase ter unhas 3.000 visitas anuais.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia.

3.3 Coopera para Emprender

Consiste en dar a coñecer, as vantaxes que se producen cando a idea de negocio que se quere pór en marcha se fai a través das formas xurídicas de cooperativismo e de economía social. Para iso poranse en marcha un Plan de Actuacións específico, que será desenvolvido polo SAE en colaboración con expertos nestas materias. Tamén se resolven as dúbidas máis comúns que teñen os emprendedores, como son as formas xurídicas que poden elixir, os trámites que teñen que facer ou onde e como conseguir fontes financeiras.

COOPERA PARA EMPRENDER	
OBXECTIVOS: Fomento de creación de empresas en base a cooperativas ou de economía social, a través do SAE, resolvendo as súas dúbidas máis comúns a través do asesoramento experto dos/as técnicos/as. Formando a potenciais emprendedores nas vantaxes e mecanismos das Cooperativas, sociedades laborais, etc. Fortalecemento do parque empresarial cooperativo a través de accións para a consolidación; así como a creación de redes empresariais	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Trátase do servizo de asesoramento personalizado en sesións presenciais ofrecidas polo equipo técnico do SAE, co obxectivo de optimizar o tempo investido en estudar, analizar e implementar a creación de cada un dos proxectos empresariais.	
ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none">- Fomento da Cultura da Economía Social.- Asesoramento Individualizado e creación de recursos multimedia específicos- Formación específica de vantaxes, requisitos e mecanismos das formas xurídicas de economía social (cooperativas, sociedades laborais,...)- Creación de redes de cooperativas, para o fortalecemento das relacións comerciais mutuas.- Creación de bolsa de emprendedores interesados en contactar con similares para a posta en marcha de empresa de economía social.
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as que queiran constituír a súa empresa de economía social na área de Vigo.
FORMA DE ACCESO	Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando ós teléfonos: 986 810232 / 986 810178, ou comunicándose vía e-mail: ofi.emplo@vigo.org . Web: http://emplo.vigo.org
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE).
PREVISIÓN ANUAL	100 beneficiarios/as ao ano que recibirán asesoramento.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. FSE

3.4.- Procura de financiamento.

Dende o Concello de Vigo se é consciente de que unha das principais preocupacións dos/as emprendedores/as é a falta de financiamento co que comezar o seu proxecto empresarial. A realidade demostra que existen diferentes fontes e mecanismos para a obtención de fondos, polo que é imprescindible que todos/as os emprendedores/as as coñezan.

3.4.1.- Axudas municipais á creación de empresas.

Vigo é unha cidade eminentemente emprendedora, como o reflicte o volume de negocio xurdido permanentemente en torno a ela. Un dos condicionantes máis importantes á hora de crear unha empresa, aínda que non o único, é o conxunto dos recursos económicos necesarios para a súa posta en marcha.

Este programa pretende contribuír a mitigar, en parte, o esforzo económico que afecta a toda persoa emprendedora e que, en moitos casos, é o primeiro obstáculo co que se enfronta

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS	
OBXECTIVOS: Fomentar a creación de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego, no ámbito de Vigo, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego e completar as axudas para emprendedores/as existentes noutras administracións públicas. Os apoios serán de maior contía cando sexan solicitados por empresas de economía social (cooperativas, sociedades laborais, etc.) ou por autónomos.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Axudas complementarias coas existentes noutras Administracións de apoio á creación de novas empresas. Subvencionan parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade, a fondo perdido: <ul style="list-style-type: none">• Existencias iniciais de mercadorías.• Gastos de arrendamento de locais.• Primas de seguros.• Subministro de gastos correntes. Os requisitos necesarios para acollerse a estas axudas veñen especificados nas súas bases reguladoras, aprobadas anualmente. Unha Comisión de Valoración e Seguimento, unha vez estudadas todas as solicitudes, proporalle a concesión das subvencións á Xunta de Goberno local. Terán prioridade aquelas empresas xurdidas ao abeiro do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) e as constituídas por colectivos de difícil inserción.	
DESTINATARIOS/AS	Empresarios/as individuais e pequenas e medianas empresas que queiran desenvolver a súa actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo, independentemente da súa forma xurídica, constituídos/as no período que defina cada convocatoria.
FORMA DE ACCESO	Convocatorias anuais.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, concretamente o técnico de financiamento.
PREVISIÓN ANUAL	30/50 axudas anuais concedidas, dependendo do orzamento destinado para tal fin. Convocatoria de subvencións dependendo do orzamento destinado para tal fin.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

3.4.2. Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM)

O nacemento da figura dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM) manifestouse, co anterior Plan municipal de emprego, no acordo da Comisión de Goberno de data 4 de setembro de 2000, no que se adopta a incorporación nas ordenanzas municipais para os seguintes anos de bonificacións fiscais para aqueles proxectos que así sexan declarados. Posteriormente foron aprobadas as bases reguladoras que delimitan as características, singularidade, requisitos e procedemento de cualificación desta figura. En última instancia, trátase de favorecer a posta en marcha de iniciativas empresariais que, ben polo sector de actividade no que se desenvolven, ben pola características dos seus promotores, teñan un especial interese para o Concello.

PROXECTOS EMPRESARIAIS DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM)	
OBXECTIVOS: Apoiar o desenvolvemento de proxectos de autoemprego de interese municipal.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Consisten en bonificacións fiscais para aqueles proxectos empresariais declarados de interese municipal: imposto de actividades económicas; taxa de licenza de actividades e instalacións; taxas de licenza de obras, construcións e instalacións; imposto sobre construción, obras e instalacións. Os/as promotores/as deberán dirixirse ao Servizo de asesoramento a emprendedores (SAE) do Concello de Vigo, no que o equipo técnico adscrito a este desenvolverá as seguintes accións: ☞ Análise inicial da idea empresarial e información desta. ☞ Asesoramento e axuda na elaboración do proxecto empresarial. ☞ Estudo da viabilidade da iniciativa empresarial. ☞ Avaliación do proxecto concreto e, no seu caso, solicitude de cualificación como "proxecto PEIM". ☞ Axuda na tramitación e constitución da empresa. ☞ Xestión das subvencións e bonificacións ás que poidan optar.	
DESTINATARIOS/AS	Proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto: <ul style="list-style-type: none">▪ Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,▪ o autoemprego de colectivos específicos con especiais dificultades de acceso ao mundo laboral, que se constitúan como empresarios/as, como un dos medios máis axeitados para a súa integración laboral.
FORMA DE ACCESO	Presentación de solicitudes ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, concretamente o técnico de financiamento.
PREVISIÓN ANUAL	De 5/10 proxectos ao ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

3.4.3. Microcréditos ao autoemprego.

O microcrédito é un recurso de moita utilidade para os pequenos proxectos empresariais. Este programa pretende facilitar a posta en marcha de empresas por parte de emprendedores/as sen a suficiente solvencia económica e sen posibilidade de acceso ao sistema financeiro convencional, e ten o beneficio engadido de que os fondos utilizados para o seu desenvolvemento deben reverter, a medio prazo, outra vez na propia entidade. Esta posible acción xorde do estudo de diferentes experiencias xa implementadas con éxito noutras entidades e da súa adaptación á realidade empresarial de Vigo.

MICROCRÉDITOS PARA O AUTOEMPREGO	
OBXECTIVOS: Favorecer o acceso a financiamento daquelas iniciativas empresariais que, sendo viables tecnicamente, non posúen os avais necesarios para acceder ás liñas de financiamento convencionais.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Microcrédito sen garantías adicionais e con tipo de interese moi reducido, mediante concertos coa Administración e entidades financeiras (o Concello xa ten un acordo con Caixa Galicia), que pretende cubrir o financiamento do activo circulante do primeiro ano de actividade da empresa, en substitución (ou complemento) das subvencións a fondo perdido que ata agora se viñan concedendo por parte do Concello. As axudas, polo de agora, financian a inversión en activo fixo e en activo circulante. Preténdese aumentar o número de entidades financeiras colaboradoras.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as de Vigo con necesidade de financiamento, sen garantías nin aval. Cun proxecto viable para crear empresas ou para empresas que xa estean en funcionamento.
FORMA DE ACCESO	Convocatoria anual.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, concretamente o técnico de financiamento.
PREVISIÓN ANUAL	Espérase ampliar as que se percibiron até o momento, e que se aporten uns 6 ó ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Entidades financeiras.

3.4.4.- Axudas á consolidación de cooperativas.

As cooperativas son unha fórmula empresarial de moita potencialidade para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, polo que o Concello de Vigo centrará os seus esforzos en que o número de empresas deste tipo aumenten na cidade.

Para iso, dende o Concello colaborárase cos emprendedores/as que desexen establecerse en réxime de cooperativa e facilitaráselle información e asesoramento para solicitar as axudas das que dispón a Xunta de Galicia na liña do "fomento e consolidación das asociacións cooperativas".

AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS	
OBXECTIVOS: O fomento e consolidación das estruturas representativas do cooperativismo, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo, durante o ano.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Para estes efectos, a Xunta de Galicia considerará como gastos normais de funcionamento: <ul style="list-style-type: none">- Alugueres e gastos de mantemento de locais e equipamentos.- Gastos de persoal.- Gastos de comunicacións (teléfonos, internet, correo, mensaxería e similares), material de oficina, e publicacións diversas.- Mantemento da páxina web da asociación.- Cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade Autónoma Galega.- Gastos de representación e participación en congresos, seminarios, xornadas e similares.- Celebración de asembleas e reunións.- Servizos profesionais. Considéranse como actividades de promoción do cooperativismo a organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios; a elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; a elaboración de proxectos de intercooperación e integración; a asistencia a feiras, mostras e congresos, así como calquera outra acción promocional que fomenta o cooperativismo, incluídas as dirixidas á realización de procesos formativos de persoal responsable de titorías, especializado no asesoramento e acompañamento de proxectos cooperativos.	
DESTINATARIOS/AS	Emprendedores/as de Vigo que teñan establecido unha cooperativa e que teñan necesidade de financiamento.
FORMA DE ACCESO	Convocatoria anual da Consellería de Traballo, pola que se convocan Axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas (última o 3 de xaneiro de 2008)
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, concretamente o técnico de financiamento.
PREVISIÓN ANUAL	5 ao ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Entidades financeiras.

3.5. Consolidación de novas empresas.

Para o Concello de Vigo non só é importante a creación das novas empresas, senón tamén a súa consolidación, xa que de nada serve que no marco do Municipio se instalen moitas empresas destinadas ao fracaso.

Hai que ter en conta que a maior parte das empresas creadas fracasan nos primeiros anos, debido a que non teñen oportunidades de crecer. Saber xestionar o crecemento, definir uns obxectivos claros, innovar, etc., son as claves para que as empresas de nova creación se consoliden e crezan.

Este conxunto de actuacións destínase ós/as emprendedores/as que tiñan creado a súa empresa participando nalgún dos programas do SAE, pero tamén se ofrecerán estes servizos ás pequenas empresas de recente creación en Vigo que teñan un carácter innovador

3.5.1.- Viveiros municipais de empresas.

No marco do Equal "Conta con elas" e coa axuda do Programa BIAL e pendente de remate, existe un viveiro de empresas, destinada soamente a mulleres, denominada EME (Espazo da Muller Emprendedora), situada en Cánovas do Castillo. Para acceder a este servizo os proxectos terán que ser promovidos por mulleres de calquera dos Concellos da Mancomunidade de Vigo que cumpran unha serie de requisitos adicionais que se establecerán no regulamento do acceso e funcionamento do viveiro.

Non obstante, o Concello pretende non só ter un viveiro de empresas para as mulleres, se non tamén para o resto dos emprendedores. É por iso que, unha vez finalizado o Programa Equal se manterá o EME pero tamén se buscará un espazo para ese novo viveiro de empresas en xeral. Hai que ter en conta que os viveiros de empresas configúranse como contornos nos que existe unha gran concentración de empresas innovadoras, onde a transferencia de coñecementos e experiencias actúa como motor de crecemento, impulsando a innovación e a mellora continua.

VIVEIROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS	
OBXECTIVOS: Fomentar o autoemprego de calidade, facilitándolles ós/as novos/as emprendedores/as o espazo necesario, deseñado, equipado e adaptado ás necesidades da súa empresa, e coa que ter garantías de éxito, calidade e futuro.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Para o acceso a este servizo darase prioridade ás empresas constituídas por colectivos en desvantaxe social e/ou beneficiarios/as doutros programas do <i>Plan municipal de emprego</i> , así como as pequenas empresas innovadoras de recente creación . Ademais de facilitar as instalacións necesarias (oficinas, almacéns, sala de reunións, etc.), adecuadamente equipadas para o desenvolvemento da súa actividade, os viveiros municipais estarán dotados duns servizos que garantirán o funcionamento operativo das empresas (novas tecnoloxías, limpeza, vixilancia, conserxería e secretaría), así como doutros destinados ó asesoramento e á súa titorización.	
DESTINATARIOS/AS	Empresas constituídas por colectivos en desvantaxe social e/ou beneficiarios/as doutros programas do <i>Plan municipal de emprego</i> , así como as pequenas empresas innovadoras de recente creación.
FORMA DE ACCESO	Valorarase a situación socioeconómica dos/as candidatos/as segundo o que establezan as correspondentes bases que deberá aprobar a Xunta de goberno local, e a viabilidade do proxecto empresarial.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) mailo persoal específico para as instalacións.
PREVISIÓN ANUAL	<i>Espazos Mulleres Emprendedoras (6 espazos)</i> Viveiro de Apoio a Novos Emprendedores (en fase de estudo)
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Outras entidades.

3.6. Cooperación empresarial.

Tamén se tomarán medidas para a posta en marcha da cooperación empresarial. Para iso, o Concello de Vigo fomentará a constitución de redes para que as empresas atopen unha mellor maneira de obter contactos, provedores, redes de comercialización, etc.

COOPERACIÓN EMPRESARIAL	
OBXECTIVOS: Acadar que os/as novos/as emprendedores/as se coñezan e establezan unha rede estable de colaboración.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Por en marcha unha serie de actividades multiformato coa finalidade de por en contacto aos/ás emprendedores/as e fomentar a súa unión real, tales como Xantares nos centros de incubación e nos Polígonos Industriais do Municipio, Encontros Deportivos, etc.	
DESTINATARIOS/AS	Empresas constituídas e apoiadas polo <i>Plan municipal de emprego</i> , así como as pequenas empresas innovadoras de recente creación.
FORMA DE ACCESO	Mediante o SAE.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) mailo persoal específico para as instalacións.
PREVISIÓN ANUAL	<i>(En fase de estudo).</i>
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Outras entidades.

3.7. Plan MOVE-TIC para Autónomos.

Conscientes da achega do colectivo de traballadores autónomos ó PIB local. É por iso que deseña e vai por en marcha unha liña de actuación tendente a actualizar a súa formación para que repercuta na competitividade dos seus negocios.

MOVE-TIC PARA AUTÓNOMOS	
OBXECTIVOS: Conseguir que os autónomos da cidade obteñan maior rendabilidade dos seus negocios, a partir da incorporación de novas solucións TIC.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Por en marcha unha serie de actividades formativas multiformato coa finalidade de facilitar ós autónomos as solucións que as TIC poden aportar ós seus negocios e facelos máis rendibles	
ACTUACIONES	Talleres de formación de máximo 2 horas, onde se aborden de xeito práctico, as ferramentas TIC existentes que cren valor para os negocios dos autónomos de Vigo. Ex.: Procura dos mellores provedores a través de internet, como beneficiarme da edición dun blog, como xestionar eficientemente o meu mail. Etc. Os talleres poden abordar outras temáticas: Como fidelizar ós meus clientes, a importancia do trato ó cliente, etc.
DESTINATARIOS/AS	Empresarios/as autónomos/as da cidade
FORMA DE ACCESO	Mediante o SAE, con apoio do CITIC.
EQUIPO	Equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) mailo persoal específico para as instalacións.
PREVISIÓN ANUAL	10 cursos ó ano, dependendo do presuposto dispoñible.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Outras entidades.

ANEXO III

Programa Unidad de Trabajo para a
Inserción Laboral (UTIL)

1.- Programa UTIL de inserción laboral.

Complementariamente ós programas de cooperación Xunta de Galicia - entidades locais, o Concello de Vigo porá en marcha, grazas a un considerable esforzo orzamentario, no ano 2008, o Programa municipal de inserción laboral (UTIL) que permitirá a adquisición de experiencia profesional, no ámbito da obra pública, de numerosas persoas desempregadas e con importantes problemas de renda.

Coas unidades de traballo para a inserción laboral (UTIL), esta concellaría mellorará os aspectos deficitarios detectados no anterior programa, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da formación e contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social e, prioritariamente, pertencentes á mocidade e colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

PROGRAMA UTIL (UNIDADE DE TRABAJO E INSERCIÓN LABORAL)	
OBXECTIVOS: Facilitarlles aos mozos e mozas e ás persoas desempregadas, con dificultades de inserción laboral, os medios adecuados para mellorar a súa capacitación profesional e persoal mediante a realización de actuacións de mellora da cidade.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Con financiamento exclusivamente municipal, consiste no establecemento de contratos de traballo dun ano de duración (directamente ou en dúas fases de seis meses), en quendas anuais conforme ao que en cada anualidade establezan os orzamentos municipais para este fin. As contratacións virán acompañadas de procesos formativos adaptados ás necesidades dos/as participantes e das actuacións para realizar, á vez que de accións de orientación laboral e acompañamento á inserción. Ofreceráse unha formación técnica inicial relacionada co posto de traballo, que incluírá módulos de prevención de riscos laborais e educación ambiental, ao longo do contrato de traballo recibirán formación específica continua con accións de acompañamento á inserción (cursos de competencias persoais, técnicas de busca de emprego, alfabetización, alfabetización telemática...). Tras a presentación do programa ós diferentes departamentos, e recibidas as propostas de actuación, o equipo de dirección do Programa UTIL preseleccionará aquelas susceptibles de ser acometidas cos medios e recursos humanos existentes, antes de propoñer a súa aprobación pola Xunta de Goberno local e de realizar, posteriormente, o proxecto de obra pertinente. A selección dos/as traballadores/as realizarase mediante un procedemento que se lle presentará á Xunta de Goberno local para a súa aprobación, no que se asignarán cotas e criterios de participación para os diferentes colectivos con especiais dificultades de integración. Unha comisión formada por representantes das centrais sindicais máis representativas xunto cun membro do equipo de goberno e técnicos/as municipais participará na selección e control do desenvolvemento do programa.	
DESTINATARIOS/AS	Colectivos en desvantaxe social respecto a ingresos económicos e a adquisición de formación e experiencia no mercado de traballo. Asignaranse cotas e criterios de participación para os diferentes colectivos con especiais dificultades de integración. Será fundamental o grao de aproveitamento do programa para a posterior inserción no mercado laboral.
FORMA DE ACCESO	Convocatoria pública e procedemento específico de selección aprobado pola Xunta de Goberno local.
EQUIPO	Director/a, administrador/a, responsable operativo de obras, titor/a, auxiliar administrativo/a, encargados/as, xefes/as de equipo.
PREVISIÓN ANUAL	Contratación duns 200 traballadores/as desempregados/as por ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo.

ANEXO IV

Programa Emprega-Verde

5. Programa Emprega-Verde.

Co desenvolvemento deste programa preténdese que o ambiente e a sostenibilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas e, por outro, lograr que os traballadores e traballadoras e as empresas sexan actores clave na mellora do medio e na sostenibilidade do desenvolvemento, e crear medios cara á sensibilización ambiental da cidadanía e moi especialmente dos nenos e nenas en idade escolar.

EMPREGA-VERDE	
OBXECTIVOS: Sensibilizar a cidadanía co medio natural, así como facilitarlles ás mulleres, ás persoas desempregadas con dificultades de inserción laboral e ós traballadores das comunidades de montes a formación necesaria para acceder ó mercado laboral ou mellorar a súa cualificación profesional.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Co desenvolvemento deste programa preténdese que o ambiente e a sostenibilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas e, por outro, lograr que os traballadores e traballadoras e as empresas sexan actores clave na mellora do medio e na sostenibilidade do desenvolvemento, e crear medios cara á sensibilización ambiental da cidadanía e moi especialmente dos nenos e nenas en idade escolar. Na mellora dos empregos ambientais non só deben ser tidos en conta os colectivos máis desfavorecidos como son o das mulleres, os desempregados e desempregadas maiores de 45 anos e persoas con escasa cualificación, senón tamén mellorar a formación dos empregados e empregadas das comunidades de montes de Vigo. Co funcionamento do Observatorio "on line" sobre Emprego e Medio que recopilará e analizará o emprego xerado, os usos dos montes periurbanos de Vigo, etc, e a celebración da xornada de exposición e análise dos resultados obtidos, permitiranos basealo no maior coñecemento da situación actual, propor novos obxectivos de emprego sostible e de calidade. A selección dos/as traballadores/as realizarase mediante un procedemento que se lle presentará á Xunta de Goberno local para a súa aprobación, no que se asignarán cotas e criterios de participación para os diferentes colectivos con especiais dificultades de integración, reservando o 25% para o persoal das comunidades de montes. Unha comisión formada por representantes das centrais sindicais máis representativas xunto cun membro do equipo de goberno e dous representantes das comunidades de montes e técnicos/as municipais participará na selección e control do desenvolvemento do programa.	
DESTINATARIOS/AS	Colectivos de mulleres, desempregados maiores de 45 anos e con escasa cualificación e empregados/as das comunidades de montes de Vigo. Asignaranse cotas e criterios de participación para os diferentes colectivos con especiais dificultades de integración. Será fundamental o grao de aproveitamento do programa para a posterior inserción no mercado laboral.
FORMA DE ACCESO	Convocatoria pública e procedemento específico de selección aprobado pola Xunta de Goberno local.
EQUIPO	Xestión (Director do proxecto, técnicos de xestión e medio e auxiliar administrativo). Catro formadores e un/unha animador/a socio cultural.
PREVISIÓN ANUAL	Formación de 45 traballadores/as desempregados/as e 15 traballadores en activo por ano. Sensibilización ambiental e coñecemento do montes periurbanos para 6.000 persoas
FINANCIAMENTO	Fundación Biodiversidade. Concello de Vigo. Fondo Social Europeo

ANEXO V

Programa de Emprego Feminino

1.- Programa de emprego femenino.

Céntrase na aplicación en Vigo do Plan Aurora recentemente presentado pola Consellería de Traballo.

1.1- Programa Muller porque si

Este programa está dirixido á incorporación da muller nas ocupacións nas que está subrepresentada. A estrutura industrial de Vigo no que a industria de fabricación de medios de transporte representa un 54% de todo o emprego, precisa ser aberta ás mulleres.

MULLER PORQUE SI	
OBXECTIVOS: Este programa está dirixido á incorporación da muller nas ocupacións nas que está subrepresentada.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Co desenvolvemento deste programa preténdese que tendo en conta a estrutura industrial de Vigo no que a industria de fabricación de medios de transporte representa un 54% de todo o emprego, precisa ser aberta ás mulleres. O Concello de Vigo a través de campañas informativas e de sensibilización: Cara ás mulleres para a súa formación nestas profesións. Así mesmo, a través dos seus servizos de orientación motivará ás desempregadas para establecer o seu IPI nesta liña. Ós empresarios/as para a incorporación da muller no conxunto de ocupacións en pé de igualdade.	
DESTINATARIOS/AS	Mulleres e empresarios dos sectores con subrepresentación da muller.
FORMA DE ACCESO	Convenio entre o Concello e as asociacións de mulleres, veciñais, os Centros Cívicos e os diferentes contornos municipais.
EQUIPO	Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
PREVISIÓN ANUAL	8 paneis informativos. Dípticos de sensibilización e información para unhas 1.000 mulleres.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia

2.- Tecendo futuro

Este programa dirixese ó importante número de mulleres que proveñen de sectores feminizados "maduros" ou de ocupacións na que o volume de demandantes é moi superior ás necesidades do mercado de traballo.

TECENDO FUTURO	
OBXECTIVOS: Este programa está dirixido ó abandono da muller daquelas actividades cunha excesiva presenza da muller e a súa incorporación ocupacións nas que está subrepresentada.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Na actualidade as ocupacións de dependente ou persoal de limpeza figura case a terceira parte de todas as mulleres inscritas (o 28,1%). Este programa pretende a súa incorporación a outras actividades. O Concello de Vigo fomentará a elaboración de IPI's que propicien este cambio. Naqueles casos nos que a ocupación poida ser obxecto dun programa experiencial e a demandante reúna os requisitos, daralles prioridade para a súa incorporación.	
DESTINATARIOS/AS	Mulleres e empresarios dos sectores con subrepresentación da muller.
FORMA DE ACCESO	Convenio entre o Concello e as asociacións de mulleres, veciñais, os Centros Cívicos e os diferentes contornos municipais.
EQUIPO	Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
PREVISIÓN ANUAL	8 paneis informativos. Dípticos de sensibilización e información para unhas 1.000 mulleres. Elaboración de IPI's para unhas 100 mulleres e ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia

ANEXO VI

Programa Emprega

1.- Programa Emprega.

Tratando de darlles prioridade a aqueles colectivos con máis dificultades de inserción no mercado laboral, a través destes programas preténdese proporcionarlles ós/ás desempregados/as unha formación adecuada ás súas necesidades así como ás necesidades do mercado laboral.

As especialidades formativas deste proxecto deberán ser complementarias coas experiencias, evitando no posible duplicidades e procesos de inflación de persoas formadas nas mesmas materias, pois iso iría en detrimento das perspectivas de inserción laboral.

1.1.- Formación para o emprego.

No marco da cooperación entre a Administración xeral do estado e a Administración local, solicítanse subvencións do Fondo Social Europeo para o financiamento de iniciativas que desenvolvan novas actividades adaptadas a necesidades locais xeradoras de emprego, en particular no sector de servizos de atención a persoas con especiais necesidades, tales como nenos, vellos, persoas con minusvalías, etc. Así, segundo as súas bases reguladoras, poderáselles ofrecer ás persoas demandantes de emprego unha oportunidade de práctica laboral acompañada da formación axeitada .

SUBVENCIÓN DO FONDO SOCIAL EUROPEO	
OBXECTIVOS: Reforzar a cooperación económica do Estado coas entidades locais, coa finalidade de fomentar iniciativas que desenvolvan actividades que respondan a necesidades locais xeradoras de emprego no sector de servizos de atención a persoas con especiais necesidades, tales como nenos e nenas, persoas da terceira idade, persoas con minusvalías, enfermos, excluídos sociais o persoas en risco de exclusión social.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Cofinanciados polo Fondo Social Europeo e actuando sobre sectores considerados como novos filóns de emprego, os proxectos acollidos a esta subvención deben incluír actividades de información, orientación e asesoramento técnico á función xerencial, ademais de entrevistas profesionais, titorías individualizadas, información individualizada sobre o mercado de traballo, formación e prácticas en empresas. Neste proxecto incorporaranse as novas tecnoloxías da información, xa que se repartirán PDA's entre os/as usuarios/as do servizo, para que poidan ter o mesmo asesoramento de forma presencial e virtual, e tamén se inclúe a formación transversal mediante as PDA's.	
DESTINATARIOS/AS	Desempregados/as, con especiais dificultades de inserción, inscritos/as como demandantes no Servizo Público de Emprego,
FORMA DE ACCESO	Convocatoria pública e posterior selección a través dunha entrevista persoal.
EQUIPO	Segundo o proxecto.
NORMATIVA APLICABLE	Resolucións da Secretaría de Estado de cooperación territorial pola que se aproban as bases reguladoras das convocatorias para a concesión das axudas da Subvención do FSE para Municipios de máis de 50.000 habitantes (última a do 7 de novembro de 2007).
PREVISIÓN ANUAL	Presentación dun proxecto a cada convocatoria.
FINANCIAMENTO	<ul style="list-style-type: none">• Concello de Vigo.• Fondo Social Europeo (FSE).
PROXECTOS PREVISTOS	<ul style="list-style-type: none">• Proxecto "Imos Traballar" (presentado e pendente de aprobación).

1.2.- Programas experimentais en materia de emprego.

O Concello, co fin de aumentar a súa oferta de cursos, e co fin de aumentar as posibilidades de inserción laboral dos/as usuarios/as do servizo, solicitará unha subvención dentro deste programa, enfocado a desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia ou ben co fin de favorecer a inserción laboral e o mantemento da vida activa daqueles traballadores que pasasen a unha situación de desemprego como consecuencia dunha situación de crise empresarial, como pode ser a situación dos/as traballadores/as do sector da construción.

As accións reguladas neste programa por obxecto a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral.

PROGRAMAS EXPERIMENTAIS EN MATERIA DE EMPREGO	
OBXECTIVOS: Considerarase programa experimental de emprego o que ten por obxecto o desenvolvemento de plans integrais de emprego que combinen accións de diversa natureza, como: información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica. As accións terán por obxecto a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: <ul style="list-style-type: none">▪ Os programas experimentais establecerán obxectivos cuantificados de inserción laboral das persoas desempregadas participantes nestes de polo menos o 35% dos/as demandantes de emprego atendidos/as durante o desenvolvemento do programa. Estes obxectivos reduciranse ao 30% cando todos os participantes no programa sexan desempregados previamente admitidos ao programa de renda activa de inserción e subscribiran o compromiso de actividade e/ou perceptores da renda de integración social de Galicia.▪ Con carácter xeral, considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando, durante a vixencia do plan, o desempregado sexa contratado como traballador por conta allea por unha duración non inferior a seis meses. Igualmente, considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando, durante a vixencia do plan e durante un período dun ano como mínimo, se acredite a constitución en traballadores autónomos ou por conta propia das persoas desempregadas participantes no dito plan.▪ O prazo de execución dos plans experimentais será como máximo de 12 meses.	
DESTINATARIOS/AS	Desempregados/as, con especiais dificultades de inserción, inscritos/as como demandantes no Servizo Público de Emprego. Consideraranse destinatarios/as específicos/as destes programas aqueles/as traballadores/as que se atopen en situación de desemprego como consecuencia dunha crise empresarial. Con carácter xeral, polo menos o 60 % dos beneficiarios das accións que configuren estes plans experimentais de emprego deberán ser perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego
FORMA DE ACCESO	O Servizo Público de Emprego seleccionará os/as demandantes de emprego dispoñibles para a súa incorporación aos plans integrais conforme os criterios xerais destes programas e o concello poderá participar no proceso de selección nos termos que se acorden no correspondente convenio de colaboración.
EQUIPO	Segundo o proxecto.
NORMATIVA APLICABLE	Orde da Concellería de Traballo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas experimentais en materia de emprego (última o 14 de xaneiro de 2008).
PREVISIÓN ANUAL	Presentación dun proxecto a cada convocatoria.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia.

1.3.- Programas experenciais.

Son programas de orientación, formación ocupacional e contratación pública que posibilitan a Inserción sociolaboral das persoas que levan tempo afastadas do mercado laboral, realizando, no período de contratación, labores de interese social.

O Concello de Vigo leva anos solicitando e executando este tipo de programas para a cualificación profesional dos/as desempregados/as. Os mencionados programas combinan a formación e a experiencia mediante a contratación do alumnado para realización de obras de interese colectivo.

É un método moi efectivo para a cualificación das persoas desempregadas, coas que poden acceder e manterse no mercado laboral.

Unha vez cuberta a oferta formativa en oficios "tradicionais", fundamentalmente do sector da construción, o Concello debe de seguir facendo incursión en especialidades de futuro (novas tecnoloxías, medio natural, servizos a persoas, ocio e tempo libre, etc.), ó abeiro das indicacións que, sobre novos filóns de emprego, estableceu a Unión Europea no seu "Libro Branco sobre Crecemento, Competitividade e Emprego. Retos e pistas para entrar no século XXI" e na Estratexia Europea de Emprego (EEE). Neste período preténdese dar un paso máis alá e introducir novos perfís, máis innovadores e que contemplan ocupacións emerxentes.

1.3.1.- Escolas Obradoiro.

O programa de Escolas Obradoiro xa leva anos solicitándose por parte do Concello de Vigo con moito éxito. Está pensado para a mocidade menor de 25 anos con especiais dificultades e carencias formativas. A través deste programa os/as alumnos/as obteñen os coñecementos, as aptitudes e as capacidades necesarias para aprender un oficio e, ó mesmo tempo, aplican o aprendido traballando en servizos de interese colectivo.

Preténdese continuar na liña de colaboración coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento de novos proxectos neste ámbito, considerando que estes programas son unha ferramenta eficaz para a integración laboral do colectivo de mozos e mozas con dificultades de inserción.

ESCOLAS OBRADOIRO (EO)	
OBXECTIVOS: Promover proxectos conxuntos de formación profesional en especialidades demandadas polo mercado de traballo, en alternancia coa realización de obras ou servizos de interese municipal, co que, ademais, os/as participantes adquiren experiencia profesional, ó seren contratados de xeito temporal polo propio Concello.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: O esquema básico destes proxectos, cofinanciados pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e mailo Fondo Social Europeo, considera un período de seis meses de formación (percibindo unha bolsa-axuda) máis un ano ou ano e medio de formación en alternancia co traballo en obra (mediante un contrato de formación).	
DESTINATARIOS/AS	Mozos de ambos os dous sexos que, estando desempregados/as e inscritos no Servizo Público de Emprego, sexan menores de 25 anos, con preferencia para aqueles que carezan de experiencia laboral e teñan unha antigüidade de 6 meses no desemprego.
FORMA DE ACCESO	A selección do alumnado (preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego), así como do equipo técnico, realizarase por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por persoal da Consellaría de Traballo e do Concello de Vigo
EQUIPO	Director/a, titor/a, auxiliar administrativo/a, expertos/as docentes.
NORMATIVA APLICABLE	Ordes anuais da Consellaría de Traballo pola que se establece a normativa aplicable á concesión de axudas e subvencións ó funcionamento de escolas obradoiro e casas de oficio, e procédese á convocatoria das ditas axudas e subvencións (última a do 21 de decembro de 2007, DOG do 15 de xaneiro de 2008).
PREVISIÓN ANUAL	Presentación para subvención de 2 proxectos ao ano.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. Fondo Social Europeo (FSE)
POSIBLES PROXECTOS	Mar de Vigo IV (aprobado recentemente). Vigo Zoo IV (pendente de presentación) Vigo Ornamental (en fase de elaboración)

1.3.2. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO

Tradicionalmente utilízanse os programas de cooperación para executar obras de interese municipal, aínda que tamén son o marco apropiado para o apoio de determinados servizos municipais, polo que, con este Plan, preténdese continuar colaborando coa Consellaría de Traballo para a realización de novos contratos de traballo ó abeiro destes programas, acadando, polo menos, o nivel de contratación dende o ano 2004 ó 2007 (201 traballadores/as).

As actividades realizadas durante os últimos anos foron: Axardinamento e recuperación de zonas verdes, mellora do acceso ás instalacións deportivas, conservación de zonas verdes, actuacións de mellora e mantemento urbano, pintado do parque de bombeiros, mundo mar, estudo e dinamización de recursos turísticos, itinerarios turísticos polo centro de Vigo, análise estatístico, conservación de vías e espazos públicos, adecuación arquitectónica de parques e integración e reforzo de liñas de alumeados.

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO	
OBXECTIVOS: Ofrecer experiencia profesional e garantir oportunidades efectivas de emprego a persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción, á vez que materializar obras e servizos de interese social e xeral.	
CARACTERÍSTICAS XERAIS: Axudas anuais da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia destinadas ó financiamento de accións de fomento do emprego por parte das entidades locais. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego solicita en cada convocatoria subvención para a contratación (mediante contratos de inserción) de traballadores/as desempregados/as que realizarán obras e servizos de interese social e xeral nos diferentes distritos da cidade, segundo as memorias de necesidades de actuación presentadas polos departamentos municipais e aprobadas pola Xunta de goberno local.	
DESTINATARIOS/AS	Desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego, prioritariamente, aqueles/as que estean dentro dalgún dos colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, especialmente mozos/as, mulleres, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as.
FORMA DE ACCESO	Preselección de candidatos/as polo Servizo público de emprego e selección final segundo procedemento específico aprobado pola Xunta de goberno local do Concello.
EQUIPO	Definido en cada memoria de actuación presentada á solicitude.
NORMATIVA APLICABLE	Ordes anuais polas que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas da Consellería de Traballo que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinadas ó financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria (última a do 19 de decembro de 2007).
PREVISIÓN ANUAL	Solicitude de subvención para a contratación de 100 traballadores/as ó ano, segundo necesidades dos departamentos e posibilidades de cofinanciación.
FINANCIAMENTO	Concello de Vigo. Xunta de Galicia. Fondo Social Europeo (FSE).